

Código



Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

número 13 • AGOSTO/SETEMBRO 2003

SINATURA ELECTRÓNICA

ÚLTIMOS DÍAS DO VELLO DNI

Sinatura electrónica

REDE ABERTA EN COMPOSTELA
COMERCIANTES NO MESMO EQUIPO

PATENTES DE SOFTWARE
¿FIN DOS PROGRAMADORES LIBRES?

O TOP 100 DE GALICIA
BARLOVENTO

O REXISTRO DE WINDOWS
PC PRÁCTICO

STAFF

Código Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactor-Xefe

Carlos Lozano
(cueturubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá (Telecomunicacións)
Antonio Fernández (Linux)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
Mariano Grueiro (Mac)
David Lombardía (Nova Economía)
Sevi Martínez (Xogos)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Ramón Puente (Opinión)
Víctor Salgado (Dereito)
Fernando Sarasquete e
Eva Vieites(Reportaxes)

Colaboraron neste número:

Fernando Ballestero, Xavier Freire,
Héctor Sánchez, Marcelo Peuriot,
David Lombardía, Miguel Merino,
Pablo Grandío, Moncho Paz,
Fernando Bouzas, Emiliano Gómez
e Carlos Lozano.

Supervisión lingüística:

Paulino Novo e María Xesús Vázquez.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Fotolab Xoma-
Riveira, Joferpa.

**Edita: Grupo Código Cero
Comunicación**

UNINOVA. Polig. Ind. do Tambre
Vía La Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 00
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servizos Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Distribución:

Sinsello
Rúa Aragón, 26 - VIGO
Teléfono: 986 26 26 99

Número 13 (PREZO: 1€)

Agosto-Setembro 2003
Publicación periódica
Tirada: 12.000 exemplares
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

NESTE NÚMERO...

Nun ranking de idiomas mundiais por número de páxinas existentes en Internet, o galego estaría no posto 39º. Isto é o que se desprende do estudio "Softcatalá" sobre a Sociedade da Información. O seu problema (emporiso o miramos de esguello) é que creemos resulta positivo de máis. O informe de "Softcatalá" (dirixido por Jordi Mas) arrojaría ademais o seguinte dato: cada galegofalante ten á súa disposición 1,09 páxinas web no seu idioma. Se curtasemos a tarta das linguas na Internet, ¿quen se levaría o anaco máis grande? Por suposto que os anglofalantes, que acapararían o 70 por cento á hora do reparto. Seguen a este idioma, en proporción de páxinas web, o alemán, o francés e o xaponés. O español, seguramente gracias á contribución americana, estaría no quinto posto do ranking, seguido moi de perto polo xigante que máis rápido camiña na Rede: o chinés. Polo que respecta ó luso estaría situado no

posto 11º. Por certo que dende o Servicio de Normalización Lingüística da USC recomandan que os devanditos datos sobre o galego se interpreten con vontade crítica: ¿ata que punto se pode diferenciar na Rede, de xeito total, o portugués do galego? Éste, como xa dixemos, está situado no 39º, por diante do vasco e do latín. O estudio fíxose a través da base de datos do potente buscador Alltheweb, porque é o que ofrece mellores condicións de fiabilidade.

Nesta edición de Código Cero publicamos, tal como prometeramos hai tres meses, o novo listado dos cen sitios máis visitados de Galicia e a súa posición mundial. Agás as novas incorporacións poucas novidades que salientar. O noso informe está adicado á firma dixital que entrou xa en vigor e coma sempre completamos contidos coas seccións habituais. Ata a próxima edición vémonos a diario en www.codigocero.com.



FIRMA INVITADA

¿Cambió el mundo por sólo 12 segundos?
Fernando Ballestero, director general Fundación Auna **4**

NOVAS

Resumo da actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **5**

ENTREVISTAS

Miguel Merino, director de Galiciatic **11**
Marcelo Peuriot, vicepresidente para o sur de Europa de 3COM **12**

REPORTAXES

Wireless: Rede Aberta en Compostela, comerciantes máis unidos e fortes **14**
Xornadas de Enxeñería de Software na Coruña **18**

NUEVA ECONOMÍA

Cogiendo aire: ¿burbuja reloaded? **15**
Internet como nova canle de atención ó cliente **18**
A guerra das patentes na Unión Europea **19**

INFORME

Sinatura dixital: A vida a distancia **15**
Os novos Dnis, algo máis ca unha simple identificación **16**
Opiniós encontradas na rede **16**
Galicia: un chisco por diante na carreira da dixitalización administrativa **17**

E-COMERCIO

Isgrid: primeiros resultados dun (super) esforzo conxunto **21**
Cesga e Cesca crean un grid de supercomputadores para produción científica **22**

NOVA ECONOMÍA

6Sigma, la perfección está ahí fuera **23**
Arteixo Telecom: domótica galega **24**

CAIXA GALICIA

Centro On: tocar, ver e oír Internet **25**

OPINIÓN

Capital intelectual, motivación e compromisos **26**
Andazos víricos, temos que facer algo **26**

BARLOVENTO

Top 100 de Galicia **27**
Mellor cós Oscars, Vanity Fair **28**

PCPRÁCTICO

O rexistro de Windows **29**

XOGOS

ECTS: resumo do mellor da feira de videoxogos europea **30**



“...EXISTE UN CLARO DINAMISMO EN LA SOCIEDAD ESPAÑOLA, ASÍ COMO UN LIDERAZGO DE ALGUNAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS Y AYUNTAMIENTOS IMPULSANDO INICIATIVAS...”

¿CAMBIÓ EL MUNDO POR SÓLO 12 SEGUNDOS?

Fernando Ballester
Director General Fundación Auna

Cuando en 1903, hace ahora un siglo, los hermanos Wright recorrieron volando algo más de 70 metros en 12 segundos, utilizando una máquina propulsada por motor y con un viento en contra de 33,8 km/hora, los periódicos publicaron la noticia bajo el titular “12 segundos que cambiaron el mundo”. Sin duda, el vuelo fue un hito histórico pero el que la aviación comercial se haya convertido en lo que es hoy, una gran red de transporte de personas y mercancías, no sólo es el resultado de aquellos 12 segundos.

En este “momento de la verdad” de cualquier descubrimiento científico o tecnológico no puede adivinarse todavía la influencia que tal hallazgo ejercerá en la vida de las generaciones futuras. Su importancia real dependerá de factores que van desde la apuesta y asunción de riesgos por parte de inversores que convierten la innovación en producto, el despliegue de infraestructuras y condiciones adecuadas para que su utilización sea posible, a la aceptación y generalización de su uso por los ciudadanos.

En aquellos países en los que los Gobiernos y Administraciones Públicas impulsaron la creación de infraestructuras y la educación, y generaron entornos favorables para la innovación y la iniciativa empresarial, anticipándose a los nuevos tiempos, el uso de estas redes

se generalizó, aumentó el comercio y los movimientos de personas, y el progreso se fue extendiendo en la sociedad en beneficio de todos, dependiendo el grado de igualdad o desigualdad en la distribución de la riqueza de los valores imperantes y las organizaciones políticas.

Desde este punto de vista, Internet y las redes de telecomunicación constituyen hoy la Nueva Red que está en la base de la transformación de la sociedad, en este caso, desde una Sociedad Industrial a una Sociedad de la Información, del Conocimiento, o como lo define Manuel Castells, una “Sociedad Red”. Cualquiera puede constatar que el cambio social está en marcha, va a gran velocidad y es, además, irreversible. El uso generalizado del teléfono móvil para enviar mensajes, fotos, o votar en un programa de televisión, o los más de 3.500 cibercafés que existen en España, son sólo ejemplos o muestras de este cambio.

Por tanto, hay que preguntarse, cómo se está produciendo esta transformación, esto es, qué papel real juegan estas redes, qué grado de aceptación y de uso cotidiano se está dando. Así vemos que España marcha rezagada en relación con otras naciones de nuestro entorno. Si acudimos a los datos recogidos en el recientemente publicado “*eEspaña 2003. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información*”, elaborado por la Fundación AUNA, encontramos que, junto a elementos positivos

que reflejan un grado de desarrollo importante, hay aspectos negativos que muestran un retraso en la asimilación de este proceso de cambio.

Muchos son los aspectos positivos que pueden destacarse: el número de teléfonos móviles alcanza ya los 34 millones; tenemos el índice más alto de Europa en descarga de ficheros MP3 de música por internet, reflejo de que los jóvenes saben sacar utilidad a la Red en lo que les interesa; un nivel alto en eAdministración o prestación de servicios a través de la Red; el creciente uso de la banca *on-line*; o unas redes troncales de comunicaciones de los principales operadores con suficiente capacidad. Si a esto añadimos la proliferación de comunidades WiFi, el aumento de usuarios de software “de código libre”, el recurso a la página web por hospitales y museos, o por las ONG’s, podemos concluir, por tanto, que existe un claro dinamismo en la sociedad española, así como un liderazgo de algunas Comunidades Autónomas y Ayuntamientos impulsando iniciativas locales.

Pero otros indicadores transmiten preocupación: el número de hogares con acceso a internet, un 17,37%, se encuentra entre los más bajos de toda la U.E.; el comercio electrónico apenas si despega; la utilización de sistemas de seguridad en las transacciones no acaba de generalizarse; algunas ciudades aún no tienen página web; las cuotas de mercado de las operadoras revelan que la competencia es menos de la deseada; el desarrollo del acceso con banda ancha sigue limitado; y, en general, se detecta una cierta confusión en los ciudadanos y las empresas sobre la importancia real y la evolución del uso de la Red, consecuencia, en buena medida, de un innecesario uso de siglas y referencias a las diferentes tecnologías y de la propia crisis del sector. El resultado es que el número de internautas da muestras de cierto estancamiento y las pequeñas empresas no incorporan las ventajas de las TIC en su gestión y organización, lo que es preocupante porque está en juego, en definitiva, la competitividad de nuestras empresas y del país en conjunto.

A la vista de la situación de España en relación con el proceso de desarrollo de la Sociedad de la Información resulta necesario que todos estemos abiertos a los nuevos cambios que, de modo vertiginoso, se van produciendo, y exijamos a nuestros políticos y gobernantes que lideren un esfuerzo colectivo para que no quedemos rezagados en la incorporación al uso de esa Red y de las TIC en general.

España supo salir de su aislamiento, integrarse en la UE y jugar un papel en el mundo y hoy debe superar un nuevo reto: lograr un desarrollo de esa Sociedad de la Información beneficioso para todos los ciudadanos, sin “brecha digital” o desigualdades, ocupando un puesto de vanguardia en el entorno internacional. Está en juego el futuro. Siempre, tras el brillo inicial de los 12 primeros segundos, hace falta un esfuerzo constante y continuado.



Innovación incrementou nun 65 por cento o número de axudas a proxectos de TICs



A Consellería de Innovación, Industria e Comercio plantexouse este ano incrementar o número de proxectos subvencionados en materia de desenvolvemento tecnolóxico: produciuse un aumento dun 65 por cento con respecto ó número de axudas públicas do ano pasado. Deste xeito, a cantidade de iniciativas vencelladas ás TICs que recibirán o apoio deste departamento da Xunta ascenderá a 122, chegándose así a unha cifra duns 2 millóns de euros de investimento. Entre os sectores que se beneficiarán destas iniciativas (e que manifestaron máis interese en acadalas) atópanse os seguintes: servizos, telecomunicacións, construción, alimentación e automoción. Nun principio, antes de que os presupostos desta convocatoria fosen definitivos, a cantidade de axudas ía ser sensiblemente menor: 1,2 millóns de euros. Pero tanto “o volume de solicitudes como a calidade dos proxectos” fixo que a consellería ampliara a partida. Entre os obxectivos da Xunta (no que respecta ó apoio ás “empresas en xeral”, apartado que acapara un 32 por cento do devandito importe) cóntanse, como vén sendo costume, o de favorecer o desenvolvemento e a mellora da xestión e a produción, a incorporación de equipamentos de última xeración e tamén o de optimización dos vencellos das firmas entre elas e co seu entorno.


Provincia	Nº proxectos apoiados	Investimento propiciado	Subvención concedida
A Coruña	51	3.107.531	889.821
Lugo	3	203.532	59.334
Ourense	11	826.558	194.660
Pontevedra	57	2.196.610	757.846
Total	122	6.334.231	1.901.660

Elaboran en Galicia unha ferramenta que fai máis eficaz o traballo bursátil

¿Que farían vostedes se, traballando nos mercados financeiros, se visen na apremiante obriga de ser máis competitivos e eficaces? Quizáis unha das solucións posibles pasaría por dirixir a atención cara o que está a facer a empresa galega 3.14 Financial Contents: un motor de búsqueda que facilita a extracción de información bursátil na Rede. Ou dito doutra maneira: información valiosa máis rápida e máis precisa (fundamental en moitos eidos económicos, pero sobre todo no mercado de valores, onde un mínimo erro ou retraso pode significar o peor). O sistema, que se está a desenvolver coa axuda do grupo COLE de investigación en intelixencia artificial das Universidades de Vigo e A Coruña (e co apoio económico da Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia), proporciona ós analistas todo tipo de datos sobre as empresas que cotizan tras analizar textos electrónicos de moi variada natureza. O motor funciona en base a análises sintácticas e léxico-filosóficas, estatísticas das posicións das palabras dentro de cada frases e, ademais, análises léxico-semánticas. Este proxecto (pioneiro) naceu no 99 e se agarda que estea dispoñible no 2005 en inglés e castelán. “Unha das cousas que máis nos gusta deste proxecto –informan os responsables da iniciativa– é a súa interdisciplinidade. Nel colaboran dende un matemático, pasando por informáticos, lingüístas, un estatístico, economistas e un filósofo experto en lóxica computacional”.

Convocados os premios ás empresas máis innovadoras

Coa fin de achegar ás empresas galegas o máximo posible ós novos modelos de xestión, a Xunta, a través da Dirección Xeral de I+D, convoca unha nova edición dos Premios Galicia de Investigación e do Premio Galicia á Innovación Empresarial. Máis concretamente, os obxectivos do galardón son os seguintes: incrementar na medida do posible a competitividade do sector privado e contribuír a que os cartos que se invisten dende o “non público” no gasto íntegro de I+D en Galicia deixen de representar un 30 por cento para abarca-la metade do esforzo. Ou sexa: aprender a camiñar con axuda, si, pero que ésta non se perpetúe. O prazo para inscribirse permanecerá aberto ata o 24 de setembro nas tres modalidades que cubren estas condecoracións, que serán entregadas en novembro polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, durante a celebración da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía en Galicia 2003. O Premio Galicia á Innovación Empresarial significará un “incentivo” de 50.000 euros. O certame está aberto a tódolos pemes galegas, estean ou non radicadas en Galicia, sempre e cando teñan realizado un esforzo innovador nos últimos catro anos que sexa digno de ser recoñecido cunha condecoración. Polo que respecta ós Premios Galicia de Investigación, dicir que están convocados en dúas modalidades: o Premio Antonio Casares y Rodrigo de Investigación Científico-Técnica (dotado con 37.000 euros), destinado a investigadores de prestixio, e o Premio para Investigadores Mozos na área Científico-Técnica (6.100 euros). As solicitudes poderán presentarse no rexistro da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Innovación, seguindo as bases expostas no DOG do 28 de xullo ou as recollidas na dirección de internet: www.dxid.org/web.



Galicia, “factoría” de animación do grupo Filmbox

Quen queira boas novas non ten máis que ler cuestións sobre o audiovisual en Galicia. Unha das últimas recibidas na redacción de Código Cero é a que fai referencia ó proxecto de Filmbox de ampliar o seu negocio tendo á nosa rexión como principal escenario de actuacións. O grupo prepara todo tipo de actividades no mundo da animación e os videoxogos, tanto a través da filial santiaguesa Bren como en nome de Filmbox Animation, sendo o esperadísimo filme “El Cid” a súa primeira aposta neste sentido. Da película, con estrea prevista para o Nadal, pódese dicir que o visto dela na Rede (ímaxes) incrementa cada vez máis a esperanzas de que poida competir seriamente con produtos americanos. Ademais de radicar en Galicia a súa produción animada, Filmbox proxecta ampliar o seu capital (30 millóns de euros) e diversificar o negocio, acción que levaría consigo, entre outras cousas, a apertura de cines en A Coruña e Lalín. Lembrar que xa son varios os filmes de personaxes reais abordados pola produtora en Galicia: “Romasantá”, a que rodaba Paco Plaza cando se fixo este artigo, é un perfecto exemplo do que estamos a dicir.



Un matemático da USC deu coa solución á inutilidade das latas de refrescos baleiras

As latas de refrescos son, dende hai tempo, asignatura pendente no tema da reutilización e a reciclaxe. Dito doutra maneira: ¿a quen se lle ocorría ata o momento volver usar un recipiente destas características logo de baleiralas? Sexa como sexa, hai motivos para pensar que as cousas a este respecto están perto de sufrir variacións (polo menos se nos fabricantes prevalecese o sentido común). O responsable disto: Manuel Prieto Magdalana, licenciado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que ideou o sistema denominado “Multiap”, un dispositivo que permitiría aproveitar as latas de refrescos a través dunha innovadora tapa xiratoria. Sobra dicir que o contido permanecería convintemente illado dos axentes externos. Este proxecto, que foi recoñecido na cuarta edición do Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC, tivo a súa orixe no rexeitamento que se lle profesara dende amplos sectores da sociedade ós envases de plástico, por consideralos de moita peor calidade cós de lata (o principal defecto dos primeiros vén dado polo exposto que queda o contido á acción neste caso pouco beneficiosa, da luz e da calor).(Xornal USC)



O PALACIO DE CONGRESOS DA CORUÑA, EXPONENTE DE TECNOLOXÍA INARÁMICA

O Palacio de Congresos e a Ópera da Coruña contan a partir de xa cunha máis ca completa ampliación da súa rede de acceso inarámica. A posta en marcha destes servicios, que correu a cargo da empresa Otero RadioPhone, porá a disposición dos clientes as seguintes vantaxes: acceso a Internet de alta velocidade dende un punto fixo e, gracias ó sistema de seguridade acoplado á rede inarámica instalada, acceder incluso en movemento dende calquera das estancias do palacio. Deste xeito, dispórase de cobertura na entrada principal, na primeira planta (tres salóns modulares e unha sala de reunións) e na segunda (sala vip e sala de cámara). A tecnoloxía (de última xeración) desenvólta nestes recintos pertence ó proveedor Cisco Systems.

O ADSL ESTÁNCASE EN ESPAÑA

A Asociación de Internautas, como cada mes, deu a coñecer os datos sobre a instalación de novas liñas ADSL nos fogares españois. No que se refire a Galicia os datos de agosto son especialmente negativos: habilitáronse 1.155 novas conexións, baténdose o récord pola baixa dun 2 %. Polo que respecta ós datos a nivel nacional, o número destes accesos de banda ancha ascendeu a 1.274.038, logo de que no último mes se deran de alta máis de 30.000 abonados "debutantes" (2,3 % máis que en xullo). Isto que a primeira vista pode parecer esperanzador agocha, segundo o colectivo de internautas, o crecemento máis baixo no que vai de ano: queda moi por debaixo das 50.000 altas mensuais efectuadas ó longo de 2003.

INSTALAN EN BARCELONA UN SISTEMA QUE PREVE O ESTADO DA MAR EXACTITUDE O ESTADO DA MAR

En Barcelona, a alta tecnoloxía púxose ó servizo da seguridade do tráfico marítimo. Coa fin de evitar danos en barcos e diques instalouse un sistema pioneiro desenvolvido pola firma catalana SIMA que, con 72 horas de antelación, facilita datos cumpridos sobre o estado da mar. Aínda que pareza mentira nestes tempos, non existía ata o de agora un dispositivo que pronosticase con exactitude estas situacións: non é que as cousas se fixesen a ollo, pero cumpría aventuralas en virtude a moitos indicadores indirectos. O traballo de SIMA baséase en complexos cálculos matemáticos e ten en conta sinais como a altura e orientación da oleaxe e o perfil do porto.

Para "hackers" de verdade, os do país

Que un dos "hackers" máis buscados do mundo fose detido polo maior ataque coñecido de Denegación de Servicios Distribuídos (Ddos) a varios servidores de Internet é unha información a ter en conta que nesta revista non podíamos deixar no tinteiro. Agora si: que ese arrestado sexa da Coruña... iso si que nos obriga a aborda-lo tema. Galicia non será a rexión máis desenvolvida en uso frecuente de Internet, sen embargo xa non hai quen nos imite en materia de "hackers". ¿Quen o ía dicir? Coa chegada da Rede, chega o delito. O tellado antes cós cimentos. A clave da cuestión: que alguén decidira que S.G.A., de 26 anos, debía ser expulsado de determinadas canles de "chat", por infrinxir códigos de boa conducta. A represalia: a creación dun virus de tipo verme que S.G.A. propagou en redes con grande ancho de banda. O resultado: máis do 30 por cento dos internautas españois e varios provedores afectados. Ademais das querellas da Asociación Irc-Hispano e Lleida Networks. Fin da historia: o 30 de agosto a Unidade de Delitos Telemáticos da Guardia Civil detía ó "hacker" galego no seu domicilio. ¿Será que Galicia comeza finalmente o seu despegue tecnolóxico e este delito sexa a mellor proba diso?



Galicia pioneira na detección de incendios por satélite

Demorid, o proxecto levado adiante por ESA (Axencia Europea do Espacio) na loita contra os incendios forestais, resultou ser un exitoso ensaio, xa que permitiu detectar a ubicación exacta de 16 pequenos focos nun espazo de 190 km en tan só catro minutos. Os datos obtidos polo satélite foron enviados a INSA e ó Laboratorio de Teledetección da Universidade de Valladolid, que tardaron en transmitir as imaxes e os datos técnicos de Galicia en 92 minutos, pero coa seguranza de que o tempo reducirase en breve ó subsanándose anomalías e demais eivas detectadas. Os servicios galegos disporán de información sobre os focos de lume, adaptada para a súa visualización con referencia por GPS, así como sobre o índice de riscos nos frentes e zonas que lindan co propio incendio. O proxecto, ten como finalidade a posta en marcha dunha constelación de satélites que vixien todo o continente europeo. A calidade dos sensores do Bird, xunto cos algoritmos obtidos, permiten a delimitación do lume, extensión, temperatura e o potencial calorífico en vatios que suministraría o Latuv, proporcionando unha información valiosísima para evitar o impacto ecolóxico que este tipo de traxedias ocasionan.

A Asociación de Internautas sácalle as unllas a Alejandro Sanz

A Asociación de Internautas segue en pé de guerra. Desta vez tócalles a denuncia correspondente a Alejandro Sanz e ó selo discográfico do cantante, Warner Music Benelux, por incluír no seu novo e esperadísimo álbum "No es lo mismo", un sistema de anticopia. Dáse a casualidade de que o lanzamento do traballo musical coincide coa posta en largo da imposición do canon por copia privada para tódolos soportes de CDs e DVDs gravables, o que máis ou menos quere dicir que as sensibilidades de moitos afeccionados á música (e que ademais gravan CDs) estaban especialmente a flor de pel. Polo tanto, a clave da cuestión é a seguinte: o devandito colectivo de internautas considera unha aberración ter que pagar ese canon por soportes gravables (engade que é unha compensación a autores e editores por "hipotéticas" copias), pero se de feito non queda outra opción que pagalo, ¿por que non se proporciona ó consumidor a opción de facer unha copia privada do que adquire? Sexa como sexa, e para que ninguén se quede desinformado, dicir que no "top manta" xa teñen o devandito disco copiado (e a disposición dos seus clientes) case dende antes de que se sacase ó mercado. A eses si que non hai quen os fastidie.



"Un bosque de música", ALTA TECNOLOXÍA EN GALICIA

Este verán tivo lugar na Coruña a presentación da longametraxe "Un bosque de música" (aínda en proceso de creación) do grupo galego "Luar na Lubre". A estrea terá lugar en febreiro do 2004, constituíndose como un referente na utilización de técnicas avanzadas aplicadas por un equipo de profesionais dende o aire. O filme, que leva o selo da productora Vía Láctea Filmes, sairá en formato DVD da man do novo disco da agrupación. Este proxecto, levado adiante por Ignacio Vilar, concentra a súa importancia arredor do sistema "wescam", un procedemento consistente na toma e gravación de imaxes aéreas de alta calidade, pola non percepción de vibracións nin movementos, capturando información visual dende plataformas móbiles que aportarían unha precisión óptica excepcional ademais de xiroestabilización, transmisión e recepción dixital e analóxica. Toda esta tecnoloxía, posta ó servizo de forzas armadas, axencias de noticias ou pola propia NASA, con un amplo marco de aplicacións, constitúese como un fenómeno novidoso e de luxo no noso país pola escasa utilización coa que se emprega habitualmente. Con todo, o percorrido polas paraxes galegas que nos achegarán con esta creación (Ribeira Sacra, Canóns do Sil, Pena Trevinca, Valdeorras...) será quen de experimentar os resultados do que será unha rodaxe "wescam".

MÓBILES DE ÚLTIMA XERACIÓN, TRES ANOS MÁIS NA RESERVA

Os móbiles de última xeración (tamén chamados UMTS) lles queda como mínimo un ano máis de vida en suspenso, o tempo que se calcula que se superen os obstáculos que ata o momento retrasaron a súa chegada. Trátase pois dunha historia de aprazamentos, dende que no 2000 o Goberno concedera as catro licencias que farían posible o afianzamento desta tecnoloxía en España, que sería (naqueles días de fondas e "fundadas" expectativas) un dos primeiros países do mundo en facer uso destes servicios. Segundo unha nova publicada en La Voz de Galicia convén que todos vaiamos esquecendo as posibilidades reais dun uso moderadamente afianzado dos móbiles de terceira xeración antes do verán de 2004. A causa do problema, segundo o diario, ten unha dobre lectura, segundo sexa a perspectiva. Dende a óptica das operadoras, o retraso viría dado por "causas técnicas e lóxicas". Para dicilo máis claramente: os móbiles non a están a disposición de moitos usuarios, nin por cantidade nin por prezo. A xuízo das firmas fabricantes de terminais, o motivo é a falta de demanda real por parte dos clientes.



Soluciones para
EMPRESAS E PROFESIONAIS

“Conseguín aproveitar todas as vantaxes de Internet para xestionar o meu negocio. E iso que non somos expertos en informática.”



Soluciones ADSL »

Desde que esta empresa traballa coas Solucións ADSL mellorou a xestión do seu negocio. E fíxoo paso a paso, sen investimentos, sen instalacións complexas e sen ser expertos en informática. Chámenos. A partir de 53 € ó mes poderá escoller a Solución ADSL que mellor se adapte á súa empresa.

Impulsar o seu negocio coa Banda Anpla nunca foi tan fácil e accesible.

telefonicaonline.com/solucionesadsl

Telefonica

Infórmese no 1004, Tendas Telefónica ou Distribuidores Autorizados



OURENSE: SEDE DUN ENCONTRO NACIONAL DE EMPRESAS VENCELLADAS ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS

O Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense) acolle o vindeiro 16 de outubro un encontro de empresas implicadas, directa ou indirectamente, neste sector en crecemento (agardamos que así sexa) que é o das novas tecnoloxías e a Sociedade da Información. A parte da índole especial de servizos que prestan ós seus clientes, o que une en Ourense a estas compañías nacionais é o feito de participar na Rede Infobusiness, un programa impulsado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología co que se busca promocionar a creación e apoiar o desenvolvemento de novas empresas no sector das TICs. Os actos do 16 de outubro comezarán ás 9.30h coa presentación de actividades, proxectos e convidados, sesión de apertura no que participarán Concepción Mayoral, subdirectora xeral de acceso á Sociedade da Información do Ministerio de Ciencia y Tecnología; Felipe Romera Lubias, presidente da Asociación de Parques Científicos y Tecnolóxicos de España e Jesús Casanova, presidente de la Asociación Nacional de Centros de Empresas e Innovación. Logo da presentación, virá o encontro empresarial propiamente dito.

OS DOMINIOS "ES" SUBEN A 110 EUROS A PARTIRES DE DECEMBRO

O culebrón dos dominios "es" é dos que non teñen fin. O lume semella ter sempre leña dabondo para perpetuarse, sendo o Ministerio de Ciencia y Tecnología o último dos implicados en botar madeira. O caso é que estes servizos xenéricos costarán 110 euros anuais a partires do 9 de decembro, case que 38 euros máis que a taxa que actualmente percibe a ESNIC, a organización que rexistra os nomes de dominio correspondentes a España. As renovacións, pola súa parte, subirán de 48,08 euros a 100 al año. No caso de dominios constituídos polo nome e apelidos de persoas físicas, a asignación terá un coste para o usuario de 40 euros, quedando o prezo da renovación anual en 37 euros. Como era de esperar, a Asociación de Internautas non se durmiu á hora de facer a réplica, quen asegura que as taxas para "es" "obstaculizan a Sociedade da Información en España, xa que estas, gravadas co IVE ó tipo xeral (16%) seguirán a ser das máis elevadas. Deste xeito, segundo a AI, o que se fomenta é que estes dominios españois sexan residuais na Rede en comparación cos "com", "net", "org" e os dos países circundantes.

PIDEN SINATURAS NA REDE PARA REHABILITAR A TRAVÉS DO CAMIÑO MOZOS CONDENADOS

Unha páxina web sobre o Camiño de Santiago sumouse á campaña iniciada polo Colexio de Avogados de Sabadell para que mozos castigados por delitos menores e non reincidentes eviten o cárcere. O proxecto, que se enviou ó Parlamento, ó Goberno Central e ós gobernos autonómicos do Camiño, aplicaríase a xoves de entre 16 e 25 anos con penas inferiores a tres anos, substituíndose as súas condenas por traballos de rehabilitación na ruta ou simplemente para peregrinar a Santiago baixo tutela. A páxina www.caminoasantiago.com fai a recollida de sinaturas para apoiar dita iniciativa, inspirada no proxecto Oikoten desenvolto en Bélxica con resultados positivos no 60% dos casos, substituíndo "marxinación" por "reeducación".

A WEB: A MELLOR AMIGA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Agora que o 31 de decembro comeza o Ano Xacobeo proliferan (e proliferarán) as webs vencelladas á cuestión do Camiño. Unha das últimas e máis interesantes iniciativas ó respecto é caminoasantiago.com que, malia que a priori pareza un traballo en casa coñecida, ten unhas cantas cousas que o alonxan dos tópicos. Detrás deste está un aventureiro da Coruña, chamado Carlos Olmo, que simultaneamente ó percorrido físico polas oito rutas xaboeas en Galicia, vai dando conta en Internet do traxecto (imaxes, vídeos e textos) e os seus pormenores. O devandito portal xa está operativo dende principios de setembro, e os percorridos estenderanse ata o 13 de mes de novembro. A web ofrece servizos como suscripción gratuita, concursos, votacións e foros sobre o tema xacobeo. Asemade, cada domingo ó mediodía retransmítese na COPE un resumo do máis destacado do seu particular desplazamento polas rutas vencelladas a Santiago.



CENTRO SOCIAL CAIXANOVA: BENVIDOS Á GALICIA DO MAÑÁN

Do Centro Social Caixanova tense falado moito, pero sobre todo dende perspectivas xerais, ofrecendo unha visión global do edificio da rúa Policarpo Sanz de Vigo. En Código Cero consideramos que é hora de abrir portas. Sobre todo daquelas estancias que máis lle interesan ós nosos lectores: as que atinxen ás novas tecnoloxías e a súa difusión. Un departamento como o Instituto de Desenvolvemento Caixanova ben se merece un artigo como o que segue. Porque, ¿a quen non lle interesa algo que naceu para potenciar a economía galega e fomentar o emprego?

Ubicación: cidade de Vigo, Centro Social Caixanova, edificio do século XIX proxectado polo arquitecto Jenaro de la Fuente e situado entre as rúas Velázquez Moreno e Policarpo Sanz. 11.000 metros cadrados de superficie e cinco plantas. Máis datos: recentemente remodelado, os seus departamentos e funcións son materia prima para tres ou catro reportaxes coma o que vostede ten diante. Información xenérica: trátase dun proxecto froito de sete anos de estudo co que a entidade financeira galega Caixanova desexa converterse, a través deste centro social, no catalizador das demandas sociais e culturais dos galegos. Datos específicos (indo ó gran): entre as súas paredes atópase o Instituto de Desenvolvemento e máis a Área de Innovación Tecnolóxica, dous departamentos que sen dúbida poden chegar a interesar a unha grande parte dos nosos lectores, polo que teñen de iniciativa fomentadora de afianzamentos tecnolóxicos e emprego en Galicia. Do instituto cómpre salientar, por tocar de perto á nosa revista, algunha das súas funcións: apoio á introducción de novas tecnoloxías nos procesos de xestión, produción e comercialización; desenvolvemento de estudos sobre a evolución e o posicionamento da economía galega e, por último, preparación do tecido empresarial galego para "aproveitar as constantes innovacións tecnolóxicas, os novos métodos de traballo e os avances nas comunicacións". O instituto xa está dende hai tempo plenamente operativo, ubicándose nun lugar da nosa economía onde que dende sempre se coñeceu polos seus moitos baleiros: o espazo dende onde se debe actuar pola excelencia empresarial en Galicia, pola competitividade do seu tecido productivo. Polo que respecta á Área de Innovación Tecnolóxica, destacaremos a súa vocación formativa. Galicia esixe dende hai tempo que a eduquen en materia de novas ferramentas, novos sistemas. Os especialistas, moitos deles falan a través da nosa revista, lémbromo-lo constantemente: se queremos ser alguén hoxe en día no mundo, debemos saber utilizalas. Toda axuda é valiosa, e emporiso (e por outras razóns) nace este departamento: para organizar cursos para persoas (interesantes para empresarios) de tódalas idades e de moi variada formación.

A COLA NO QUE SE REFIRE A INVESTIMENTOS EN I+D

Segundo o "Eurobarómetro social" que elabora CC OO en Cataluña, en España hai un "evidente retraso en investimentos en Investigación e Desenvolvemento", e, ó ritmo actual, se tardarán 50 anos en acadar ese 3 por cento do PIB de gasto en I+D que o Goberno augurou no cumio europeo de Barcelona do 2002. Deste xeito, segundo o devandito estudio, España case nin sequera superaría a Grecia en este tipo de investimentos. Así, teríamos enriba da mesa as seguintes cifras: un 0,97 % que adica España á investigación fronte a un 1,94 da UE, unha cifra de patentes que é de 22,1 por millón de habitantes fronte ás 152,7 da media europea.



ALÉRTASE EN LUGO SOBRE O PERIGO DO USO DAS LIÑAS 906

O consistorio lucense deu a voz de alarma ante o aumento de numerosas queixas e denuncias na Oficina Municipal de Información ó Consumidor (OMIC) polo servizo prestado das liñas 906. No comunicado deste organismo sinalábase que era habitual que as vítimas non fosen conscientes de marcarem unha liña 906, nembargantes, dous afectados recibiron sendas facturas de 4.800 e 3.000 euros. A oficina de información alertou da existencia de casos onde a conexión a este tipo de liñas é inmediata, sendo un serio perxuízo para o usuario que ó non percantarse disto arríscase a afrontar o importe deses servizos.

SANTIAGO E LUGO ACOLLEN CURSOS PARA FOMENAR O ESPÍRITU INNOVADOR

A Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) organiza nos vindeiros días uns cursos de introducción á innovación en dúas cidades da nosa rexión. A iniciativa inscríbese no convenio asinado entre a patronal e a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta Galicia en virtude do que se busca afianzar a vontade emprendedora dos xoves (e non tan xoves) e tamén a súa formación respecto á nova economía. Os cursos, que teñen 20 horas de duración, celebraranse nas sedes da Confederación de Empresarios de Lugo (praza de Santo Domingo, do 15 ó 18 de setembro) e máis a dos empresarios galegos, sita na Rúa de Vilar, en Santiago (do 22 ó 25 de setembro). Os que desexen inscribirse deberán enviar os seus datos personais ó seguinte enderezo: euroinfo@ceg.es.

AS MUXICAS: UNHA CURTAMETRAXE PRESENTE NA INTERNET

Un galego afincado en Barcelona, Carlos Alberto Alonso, gravou unha curtametraxe coñecida como As Muxicas, da que dispuxo moita información na Internet, dende unha ficha técnica da obra ata unha selección de storyboards. A obra foi seleccionada para varios concursos de curtametraxes e elaborouse grazas a subvencións de Ministerio de Cultura e do Concello de Fene. A curtametraxe narra unha historia na Galicia rural dos anos 20 na que un vello decide comezar a facer unha fosa para enterrar á súa dona o día que morra, mentres que a súa esposa intenta convencelo de que abandone o empeño. Máis información en www.asmuxicas.com.

PIDEN NO CONGRESO UNHA ACTUACIÓN DO GOBERNO SOBRE O CANON DOS CDs E DVDS

Carlos Aymerich, deputado do Bloque Nacionalista Galego, pediu ó Executivo que tomase medidas contra o acordo entre ASIMELEC e cinco entidades de xestión de dereitos de autor polo que impoñen un canon ós CDs e DVDs. Este canon supón un incremento do prezo de venda independente do uso que se lles dea os discos gravables. Aymerich denunciou que “es intolerable que se pretenda imponer un canon por copia privada dirixido a compensar por derechos de autor”. Considera que o acordo actual é un exceso respecto da Lei de Propiedade Intelectual, dado que os programas de ordenador están excluídos do pago de canon algún, polo que aplicar indiscriminadamente un canon ós soportes de datos non é axeitado.

EN MARCHA MUNDO INTERNET 2004

La próxima edición de Mundo Internet 2004 ha abierto el plazo para la Presentación de Ponencias a su IX Congreso de Internet, Telecomunicaciones y Movilidad así como para la presentación de candidaturas a la VIII edición de los premios anuales de la Asociación. El plazo concluye el próximo 9 de Octubre. Las ponencias presentadas sirven para configurar los contenidos de las Conferencias y del Libro de ponencias del Congreso.

Mundo Internet reúne cada año en el Palacio de Congresos de Madrid a todos aquellos que están interesados en las iniciativas, proyectos y servicios relacionados con la Sociedad de la Información: Administración, Industria de Telecomunicaciones, Informática, Internet, Empresas y Usuarios.

Toda la información la puedes encontrar en <http://www.aui.es/mundointernet/> (formato HTML), ponencias: http://www.aui.es/i2004/mi04_ponencias.pdf (formato PDF 195 KB) y premios: <http://www.aui.es/premios/> (formato HTML)

Francisco Campos asegura que en Galicia o audiovisual se fai máis forte ca en calquera outro país

O audiovisual galego ábrese camiño e non haberá forza algunha que o deteña. Isto é o que se deduce das declaracións do director da CRTVG, Francisco Campos, quen estivo na recta final do seminario La creación audiovisual en Galicia: estrategias de futuro (organizado pola Fundación Alfredo Brañas) que se celebrau no Mosteiro de Poio, en Pontevedra. A xuízo de Francisco Campos, Galicia ten hoxe unha maquinaria perfectamente engraxada (a do sector da imaxe) “non habendo outra comunidade na que exista tan favorable sensibilización a favor dun sector coma o que existe con respecto ó audiovisual”. Asemade, engadiu que o paso final pasa por abrirse camiño nos mercados internacionais e que o ente de comunicación que dirixe atópase na produción de tres novas series de ficción para o próximo ano, ademais da participar en dez filmes que se rodarán de aquí en dous anos.

O seminario ó que acudiu Francisco Campos forma parte da 20 edición dos Cursos Superiores de Verán que organiza a Fundación Alfredo Brañas, que este ano decidiu comprometerse plenamente coa realidade do audiovisual en Galicia. No programa incluíronse os seguintes temas a tratar, entre outros: a política dos poderes públicos no sector, as tendencias na xestión dos contidos da televisión pública, a industria do sector na era dixital ou o consorcio audiovisual como motor da produción galega. Precisamente Ignacio Varela, xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia, foi un dos convidados ó seminario, xunto con persoeiros do eido da imaxe como Antón Reixa, Manolo Gómez (presidente da Academia Galega do Audiovisual) ou Anxo Quintela.



O COLECTIVO DE ASMÁTICOS E ALÉRXICOS GALEGOS BUSCA NOVOS MEMBROS NA SÚA RECÉN ABERTA PÁXINA WEB

Agora que os problemas derivados das alerxias se incrementan nos cidadáns (o clima semella perder toda traza de lóxica e aumenta a contaminación) é cando máis se necesitan iniciativas como a da Asociación Galega de Asmáticos e Alérxicos (ASGA), que, tra-la experiencia adquirida ó longo de 17 anos de historia (sendo a primeira asociación destas características fundada en España), asumiu a creación da súa páxina web. Sendo polo tanto un dos obxectivos de calquera grupo de persoas cun problema en común atopar a outras persoas co mesmo problema, case se podería dicir que a creación de www.accesible.org/asga é unha consecuencia lóxica.

- 13.00 14.00 Ponencia “Ciclo De vida con .NET. Parte I. Guías y modelado”. José Luis Calvo Salanova. Consultor Arquitecto. NET. Microsoft.
- 16.30 17.30 Ponencia “The International Software Benchmarking Standards Group Repository of Software. Project Data”. Peter Hill. Executive Officer of the International Software Benchmarking Standards Group Ltd.
- 17.30 18.30 “Ciclo De vida con .NET. Parte II. Desarrollo y Pruebas”. José Luis Calvo Salanova. Consultor Arquitecto .NET. Microsoft.
- 18.30 19.30 “Métodos ágiles en el desarrollo de software. eXtreme Programming”. José Hilario Canos Cerdá. Profesor Titular de Universidad. Dpto. de Sistemas Informáticos y Computación. Facultad de Informática. Universidad Politécnica de Valencia.

Sábado 27

- 09.30 10.30 “Gestión de proyectos en Internet”. Javier Represas Seoane. Gerente Alwaystone.
- 10.30 11.30 “Tecnología de la Información. Evaluación del producto software”. Paloma García López. Telecomunicaciones y Nuevas Tecnologías. AENOR.
- 12.00 13.00 “La importancia de las pruebas en la calidad de la aplicación”. Roberta Biffi. Directora Técnica. Compuware.
- 13.00 Clausura

SALA CONFERENCIA

Venres 26

- 09.30 10.30 “El nuevo modelo Capability Maturity Model Integration (CMMI)”. David Reo. Senior Consultant. E.S.I., European Software Institute.
- 10.30 11.30 “Capacidad de una organización para medir sus procesos software y estimar costes”. José Carrillo Verdún. Profesor del Departamento de Lenguajes y Sistemas Informáticos e Ingeniería de Software. Facultad de Informática. Universidad Politécnica de Madrid. AEMES.
- 12.00 13.00 “E.S.I. Balanced IT Scorecard (BSC en TI) - modelo y aplicación práctica”. David Reo. Senior Consultant. E.S.I., European Software Institute.
- 13.00 14.00 “Metodología para Diseño de Métricas en Tiempo Real para Aplicaciones (DMT)”. Aquilino Adolfo Juan Fuente. Profesor Titular de Universidad. Dpto. Informática. Universidad Oviedo.
- 16.30 17.30 “WebSphere Studio Application Developer”. José Miguel Ordax Cassá. Técnico IBM WebSphere. IBM
- 17.30 18.30 “El ciclo de vida de las métricas del software”. Ramiro Carballo Gutiérrez. AEMES, Asociación Española de Métricas del Software.
- 18.30 19.30 “Modelo CMM para Pymes”. Carlos González Jardón. Responsable de Producción. División de Tecnología. Softgal.

Sábado 27

- 09.30 10.30 “Modelos de desarrollo Java” José Manuel Estrada. Arquitecto Java. Miembro del grupo de Visión y Estrategia. SUN
- 10.30 11.30 “Desarrollo de aplicaciones basadas en Open Source”. José María Olmo. Presidente de Ándago. Ándago.
- 12.00 13.00 “Modelización y desarrollo J2EE”. César Lázaro Blanco. Consultor Oracle.
- 13.00 Clausura xornadas.

Patentes de software da UE: a guerra dos programadores

Marcus Fernández (webmaster@codigocero.com)
Subdirector de Código Cero

A Comisión Europea está a estudar a posibilidade de permitir as patentes de software segundo se recolle nun borrador presentado pola europarlamentaria británica Arlene McCarthy, aínda que no pasado xa rexeitou tal medida en diversas ocasións (en 2000 xa houbo campañas en contra das patentes de software por parte da comunidade do software libre).

Pola súa banda, a Oficina Española de Patentes e Marcas (<http://www.oepm.es/>) permite o rexistro de produtos como protección dos mesmos ante a fabricación, copia ou venda por parte de terceiros, polo que establece unha ferramenta útil contra o plaxio, pero nos Estados Unidos de América (e no Xapón) tamén permiten patentar algoritmos ou porcións de código de programas informáticos, polo que o seu uso requiriría do pago dunha cantidade (p. ex., unha porcentaxe sobre as vendas) á empresa que patentou o algoritmo.

A simple vista poderíamos dicir que as patentes aplicadas ó software son algo bo, pois obrigarían ás empresas desenvolvedoras de programas informáticos a investir directamente en investigación e desenvolvemento para poder realizar funcións que foron patentadas dun xeito alternativo ou pagar a patente correspondente (polo que estaríamos ante un investimento indirecto en I+D) pero, ¿cal é a realidade? A realidade é que:

- Os algoritmos (e os conceptos) patentados non sempre son susceptibles de alternativa, polo que o pago da patente é inevitable.
- Os programadores non dispoñen dos medios económicos para facer fronte ó pago de patentes se non traballan para unha grande empresa (o que aínda se percibiría mellor se vemos cómo afectarían as patentes ós programas que son de balde).

E só estamos a falar do uso de patentes,

porque se falamos de patentar, a cousa é igual de complexa:

- Só as grandes empresas poden patentar, porque supón uns custos importantes.
- Unha pequena ou mediana empresa, no caso de que chegue a patentar software, non podería soportar os custos derivados das causas xudiciais no caso de ter que protexer as súas patentes, polo que serían inútiles.

Así, só as grandes empresas se poderían beneficiar das patentes de software, o que se traduciría nunha perda de competitividade por parte do sector do software en España (e no resto de Europa) beneficiando especialmente ás grandes empresas de software norteamericanas (como Microsoft ou IBM) que son, asemade, as que están a presionar á UE para a aprobación deste tipo de patentes.

Na actualidade, en España, o software está protexido pola lexislación sobre dereitos de autor como, por exemplo,

as obras literarias, o que non restrinxe o desenvolvemento de obras independentes e innovadoras por terceiros, o que parece axeitado e máis que suficiente.

Por outra banda, a aplicación de patentes de software traería efectos nada desexables:

- Reduciría a innovación (xusto o contrario do que defenden os partidarios da súa aplicación).
- Repercutiría negativamente nos usuarios finais mediante unha subida do prezo dos produtos (os clientes terían que soportar finalmente o pago das patentes no prezo de venda dos produtos informáticos).
- Limitaría o desenvolvemento *open source* (de código aberto), *freeware* ou *shareware*, dado que o s posuidores das patentes empregadas poden establecer limitacións no seu uso

ou na súa publicación.

• Facilitaría a creación de monopolios para o desenvolvemento informático.

• Porían ós programadores independentes e ás pequenas empresas nunha posición de desvantaxe, por non poder asumir os custos de patentar as súas innovacións nin de defender xudicialmente as súas patentes.

• Dificultaría o desenvolvemento de software mediante unha situación de incertidume constante (¿Cómo podería saber un programador se está a infrinxir unha patente?).

• Permitiría o uso de patentes a xeito de arma (tanto defensiva coma ofensiva) especialmente nos casos de fusiones empresariais.

Podemos soster pois, que as patentes de software traen máis problemas que solucións e non son poucos os que consideran que son un xeito de patentar ideas, estendendo o concepto de patente alén dos seus lindes establecidos e atentando traizoiramente o propósito dos dereitos de autor.

Crucemos os dedos e agardemos que os políticos de toda Europa sexan conscientes de que as patentes de software só nos subugarían máis ós Estados Unidos e se poderían converter nunha carga que Europa está moi lonxe de precisar.



MICROSOFT TAMÉN PAGA


CARAS AS PATENTES DE SOFTWARE Sen dúbida, un dos meirandes promotores (e beneficiarios) das patentes de software é Microsoft, pois ten innumerables patentes coas que protexe os seus desenvolvementos, pero tamén ten que cargar coas consecuencias da infracción de patentes alleas, como nun escandaloso caso que se xulgou en agosto nos Estados Unidos.

Resulta que unha pequena compañía de Chicago, Eolas Technologies Inc., e a Universidade de California demandaron a Microsoft por valor de 1.200 millóns de dólares por infrinxir unha patente co seu navegador, o Internet Explorer. Finalmente, Microsoft terá que pagar unha indemnización de 521 millóns de dólares pero, ¿cal foi esa infracción tan grave? Resulta que os demandantes patentaron unha tecnoloxía deseñada para permitir ós usuarios o acceso a aplicacións interactivas mediante obxectos incrustados en páxinas web, ou sexa, o que coñecemos comunmente como plug-ins, entre os que se atopa, por exemplo, o Macromedia Flash (que podemos ver en múltiples animacións en páxinas web).

Microsoft invocaba ós plug-ins dun xeito desenvolvido pola propia empresa, que consideraban que non infrinxía a patente en cuestión, o que non foi aceptado polo tribunal, que condenou ó pago de 1,47 dólares por cada Windows vendido entre novembro de 1998 e setembro de 2001 (as aspiracións dos demandantes eran de 3,5 dólares por unidade).

Ademais, o único prexudicado coa sentenza non sería Microsoft, senón que agora están a revisar o estándar empregado en múltiples páxinas web para procurar minimizar as consecuencias da resolución xudicial, dado que varios centos de milleiros de webs fan uso de plug-ins, e moitas delas deberían modificarse no futuro se o Internet Explorer deixa de incorporar o sistema de plug-ins actual.

Un exemplo máis das consecuencias do abuso das patentes.



Exemplos desafortunados

O mellor xeito de ser consciente do perigo das patentes de software é coñecer algunhas cousas que xa están patentadas, e imaxinar os problemas que pode conlevar iso:

- **O comercio electrónico seguro por móbil:** unha compañía xermana posúe o dereito de facer comercio electrónico mediante redes telefónicas.
- **O pago polo uso:** Canon logrou patentar no Xapón o pago polo número de unidades decodificadas, ou sexa, o sistema de pago actual para os sistemas de telefonía GPRS, que en vez de tarifar por tempo tarifan por cantidade de datos. Afortunadamente, Canon non quixo abusar da patente.
- **A compresión de datos sonoros:** sorprendentemente para moitos, un dos desenvolvedores do formato MP3 acadou a patente da compresión de son, aínda que é algo moi discutido (pola súa discutible trivialidade).
- **A transformación de nomes de ficheiro:** a conversión dos nomes de ficheiro é precisa para moitas cousas, como para actualizar o Windows 95

a Windows XP.

- **Os tests de aprendizaxe:** os sistemas de avaliación mediante o ordenador están protexidos por unha patente, aínda que moitos consideremos que a adaptación dun tests do papel á pantalla sexa algo obvio.
- **Telefonía pola Internet:** ata que caduque a patente que protexe a voz sobre IP non se poderán facer programas de balde que sirvan para falar pola Internet.
- **A navegación anónima:** a Marina norteamericana patentou o principio de dispor de encriptación para ocultar a identidade de tal xeito que poderían ameazar múltiples desenvolvementos ó redor da privacidade.
- **Compra nun click:** o sistema empregado por Amazon para realizar comprar nun só paso está patentando e deu lugar a múltiples litixios. Hai varias patentes ó respecto, e case semella que houbese que pagar por poñer un cariño da compra no botón de mercar nas tendas virtuais (de feito, existe unha patente sobre o sistema de compra baseado en carriños virtuais).

- **A ligazón:** British Telecom (BT) ten patentado o *hiperlink*, ou sexa, as ligazóns, e pretendeu sacar cartos da patente levando a xuízo a varios provedores de acceso á Internet.

Pero se queremos chegar aínda máis ó fondo das patentes do software, veremos conceptos informáticos que rozan o ridículo, como:

- Empregar unha cámara dixital en vez dun *scanner* de sobremesa para dixitalizar documentos e logo pasalos por un programa de recoñecemento de caracteres (OCR).
- Poder escribir fórmulas matemáticas nos procesadores de texto de xeito separado do resto do texto (algo que teñen practicamente tódolos programas deste tipo).
- O uso de celas con campos múltiples en follas de cálculo.
- O algoritmo de ordenación *Quicksort* (sistema básico de ordenación que coñece calquera programador, por ser un dos máis extendidos).

A xeración de números aleatorios partindo da xeración doutro número aleatorio (para conseguir unha arbitrariedade maior).



¿Por qué estar a favor das patentes de software?

Hai argumentos que poden convencer sobre os beneficios das patentes de software, como, por exemplo, que as patentes de software son bos para a Industria. ¿A qué nos referimos? Pois a que as patentes xeran riqueza, e iso é o fin das empresas, tendo a Microsoft como un caso exemplar de aproveitamento das mesmas para acadar beneficios.

O panorama internacional tamén parece presionar en favor das patentes, pois se están aceptadas nos Estados Unidos e no Xapón, ¿por qué non en Europa? ¿Acaso non pretendemos que a Unión Europea sexa o equivalente ós EE.UU. no Vello Continente?

Dado que o software non entende de fronteiras, ¿por qué non unificar os criterios de patentabilidade? Cos dereitos de autor procúrase unha estandarización global e, de non se facer o mesmo coas patentes, poderíase chegar a situacións contradictorias, por existir produtos que serían legais segundo o continente no que se comercializasen.



¿Por qué estar en contra das patentes de software?

Podemos argumentar que as patentes só benefician ás grandes empresas, pero iso tampouco sería certo, pois grandes empresas do software como Oracle, WordPerfect ou Lotus consideran que as patentes son excesivamente perigosas e, aínda que nun principio as consideraban boas, agora son conscientes da posibilidade de abusos das mesmas.

De feito, na industria informática internacional comézase a considerar que as patentes, en vez de ser unha solución, son un problema, pois limitan a competición no mercado, ou sexa, que vulneran as regras do xogo.

Obviando que o uso das patentes a xeito de arma é moi perigoso, podemos concluir que, se as patentes benefician a poucos e prexudican a moitos, son unha medida a erradicar, cando menos, no caso do software.

Prometedores froitos cara un GRID estatal plenamente operativo

A visión de IRISGRID comprende o desenvolvemento e implantación de super-infraestructuras para almacenamento, cómputo e visualización capaz de dar servizos horizontais a unha ampla gama de institucións de investigación. Como primeiro paso, IRISGRID fixouse o obxectivo de desenvolver unha plataforma dinámica capaz de abordar problemas con gran consumo de ciclos de proceso.

Nunha proba realizada o pasado mes de maio, IRISGRID conseguiu a potencia de cálculo de 228 procesadores dos equipos de oito institucións diferentes cun rendemento pico teórico de 290 GFLOPS (290.000 millóns de operacións de punto flotante por segundo) para resolver un problema complexo de simulación de dinámica de fluídos. Isto equivale a unha potencia de cálculo superior á de calquera instalación singular en España.

Nesta proba verificouse a capacidade da plataforma desenvolvida por IRISGRID para a potencia de recursos de computación distribuídos. A interacción con esta plataforma é sinxela, e o usuario non percibe en ningún momento a complexidade da infraestructura. O usuario envía o seu traballo mediante un "portal", a plataforma GRID localiza os recursos dispoñibles e toma decisións acerca de cales son os que se atopan en condicións óptimas para executar-lo traballo. O propio GRID xestiona a identificación e autoriza o uso dos recursos que executan o traballo. Finalmente, o usuario recibe un informe da execución do seu traballo.

IRISGRID proxecta agora converter esta plataforma nunha infraestructura permanente para produción científica. Para obtela financiación necesaria distintos membros de IRISGRID están xa acudindo a convocatorias europeas e estatais.

IRISGRID é unha iniciativa aberta na que entre outros participan, polo de agora, grupos de investigación das seguintes institucións:

- Centro de Astrobiología (CAB)
- Centro Europeo de Paralelización de Barcelona (CEPBA)
- Centro de Investigaciones Energéticas, Medioambientales y Tecnológicas (CIEMAT)
- Centro Nacional de Biotecnología (CNB)
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- Instituto de Física de Cantabria (IFCA-CSIC)
- Instituto de Física de Altas Energías (IFAE) da Universidad Autónoma de Barcelona (UAB)
- Instituto de Física Corpuscular de Valencia (IFIC-CSIC)
- Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA)
- Port de Informació Científica de Barcelona (PIC)
- RedIRIS (CSIC-MCYT)
- Universidad Autónoma de Madrid (UAM)
- Universidad Complutense de Madrid (UCM)
- Universidade da Coruña (UDC)
- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- Universidad Politécnica de Valencia (UPV)
- Universidad de Valencia (UV)




Isgrid: primeiros resultados dun (super)esfuerzo conxunto

O termo "e-Ciencia" fai referencia ós proxectos científicos de grande envergadura que se realizan cada vez en maior medida a través de colaboracións globais, facendo uso de Internet, entre grupos de investigación de diversas disciplinas dispersos xeográficamente. Típicamente, o rasgo que caracteriza a estes proxectos é que precisan de acceso a inxentes volumes de datos, inmensos recursos de computación e elementos de visualización de moi altas prestacións.

Así son os proxectos que abordan grandes desafíos científicos. A simulación e análise de datos en Física de Partículas, a Bioloxía Computacional, a Xenómica, a Proteómica, os modelos de predicción en Ciencias Medio Ambientais, o análise de imaxen en Biomedicina ou o dos datos de observacións en Astrofísica exemplifican á perfección áreas na que o seu desenvolvemento depende da dispoñibilidade de grandes recursos de almacenamento, computación e visualización conectados por redes de alta velocidade.

A organización destes recursos en infraestructuras estables, ffacilmente accesibles ós grupos de investigación constitúe un reto que físicos e enxeñeiros informáticos españois fixeron seu. A tecnoloxía que permitirá crear esta infraestructura denomínase GRID. Transformando este desafío en parte da solución, a tecnoloxía GRID propón engadir e compartir sistemas de toma de datos, recursos de computación, almacenamento e visualización distribuídos entre diferentes organizacións e institucións, a través das redes de alta velocidade, e de xeito que o acceso ós mesmos por parte dos científicos para as súas necesidades de cálculo sea tan sinxelo, flexible e fiable como o uso da corrente eléctrica para satisfacer-las súas necesidades de enerxía.



Unha experiencia de colaboración entre institucións sen precedentes en España

Hai apenas un ano, un grupo de investigadores españois reuniuse en Madrid para presentar unha iniciativa conxunta para o desenvolvemento dunha infraestructura GRID en España que permita o avance da e-Ciencia no noso contorno xeográfico. Alí díronse cita membros de grupos de investigación procedentes de diversas disciplinas e institucións cun obxectivo común: colaborar estreitamente para accelera-lo desenvolvemento das infraestructuras GRID en España. A partir dese momento esta iniciativa denominaríase IRISGRID. Tomaron este nome pola capital importancia que para os seus plans tería RedIRIS, a rede nacional adicada ó mundo académico-científico que facilita que as universidades, laboratorios e centros de investigación en España dispoñan hoxe de acceso a una rede de moi alta capacidade. Esta rede conta desde febreiro deste ano cunha arquitectura en forma de malla con liñas capaces de transmitir ata 2'5 Gigabits por segundo.



Centro de Competencias en Comercio Electrónico

Centro de
Competencias en
Comercio Electrónico

Os Centros de Supercomputación de Galicia (CESGA) e de Catalunya (CESCA) crean un Grid de computación para a resolución de problemas con grande demanda de recursos de cálculo. Este superordenador virtual, plenamente operativo desde xullo, xunta a capacidade de 64 procesadores, obtendo unha potencia punta de ata 117,31 gigaflops por segundo (Gflop/s).

CESGA E CESCA CREAN UN GRID DE SUPERCOMPUTADORES PARA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) en Santiago de Compostela e o Centre de Supercomputació de Catalunya (CESCA) en Barcelona, conseguiron xuntar con éxito a potencia dos superordenadores de maior capacidade de cálculo que xestionan para dar solución a grupos de investigación que requiren acceso a inxentes volumes de datos e moi altas necesidades de computación. Este sistema de interconexión de máquinas vai permitir ós usuarios de ámbolos centros abordar problemas de grande envergadura.

Tralas probas realizadas ó longo de varias semanas, o pasado 22 de xullo levouse a cabo a primeira experiencia de interconexión das máquinas para a resolución dun problema de cálculo real. Para a realización desta experiencia de produción uníronse as capacidades dos servidores de altas prestacións Alpha Server HPC320 da casa Hewlet Packard. Cada un destes servidores conta con 32 procesadores. A potencia punta combinada obtida coa creación deste Grid é de 117,31 Gflop/s, ou o que é o mesmo, a capacidade de executar ata un máximo de 117.310 millóns de operacións de coma flotante por segundo. A potencia de cálculo de ámbolos dous sistemas permitiu terminar en 9 horas unha simulación que, utilizando un servidor departamental, tardaría tódalas horas de 1 mes, traballando ininterrompidamente. Para completa-lo cálculo empregáronse máis de 64 gigabytes (GB) de memoria e foron intercambiados 8 GB de datos entre os dous centros, a través da nova rede de investigación estatal RedIRIS (o equivalente a 2 DVDs completos).

Ámbolos superordenadores, un situado en Santiago de Compostela e outro en Barcelona, traballaron conxuntamente e a pleno rendemento durante 9 horas en tarefas relacionadas co “Diseño Automático de Controladores para Robots Autónomos”. Este problema, de gran custo computacional, está sendo abordado polo Grupo de Sistemas Autónomos (GSA) da Universidade da Coruña, dirixido por Richard Duro Fernández, para o que se desenvolveu a aplicación SEVEN, utilizada nesta experiencia.



A operatividade deste Grid é posible, en boa medida, gracias ás redes de banda ancha que interconectan ós dous centros, a Anella Científica de Catalunya, a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia e a rede estatal RedIRIS. Contar con estas redes permitiu conectar ás dúas máquinas a través de liñas con anchos de banda de 2,5 gigabits por segundo (Gbps).

“A colaboración entre ámbolos dous Centros estreitouse nos últimos anos”, O explica o director do CESCA, Miquel Huguet, “Xa no 2000 firmamos un acordo para facilita-lo acceso dos nosos respectivos investigadores ós recursos de ámbolos Centros.” O director do CESGA, Javier García Tobío, engade que “mediante a tecnoloxía Grid, o uso compartido de recursos é moito máis amigable e facilitará ós nosos científicos avanzar nas súas investigacións, independentemente de onde estén ubicados os recursos que necesitan”.

Na realización do Grid de cómputo CESCA-CESGA, os centros de supercomputación contaron tamén co apoio de RedIRIS e HP Europa.

Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)

Creado o ano 1993, o CESGA é unha compañía científico tecnolóxica participada pola Xunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Ten por misión principal favorecer a xeración de coñecemento en diversas áreas, proporcionando servizos horizontais para satisfacer intereses científicos, tecnolóxicos e industriais. O CESGA presta á comunidade científica servizos de cálculo e almacenamento de altas prestacións, xestiona a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, o Punto Neutro de Internet en Galicia (GALNIX) e o nodo de RedIRIS en Galicia. www.cesga.es

Centre de Supercomputació de Catalunya (CESCA)

O CESCA foi creado no ano 1991 e é un consorcio integrado pola Generalitat de Catalunya, a Fundació Catalana per a la Recerca, as universidades públicas catalanas e o CSIC. Os seus obxectivos céntranse en tres áreas de actividade: os servizos de cálculo de altas prestacións, a xestión da Anella Científica, do Punto Neutro de Internet en Catalunya (CATNIX) e do nodo de RedIRIS en Catalunya, e a promoción do uso e beneficios destas tecnoloxías. www.cesca.es, www.catnix.net



Hay en el mundo de la empresa moderna algunos términos cada día más populares pero aún muy desconocidos, que representan nuevas formas de mejora de la actividad empresarial. Uno de estos es "6 sigma", también conocido como el método de la calidad total.

David Lombardía
dls@correo.de
www.ElVilMetal.com

La metodología Seis Sigma es una estrategia de búsqueda de la excelencia, cuyo nacimiento se sitúa en la multinacional Motorola y que muy frecuentemente es relacionada con Jack Welch y la empresa que dirigía (General Electric) tal vez porque, además de ser una de las primeras empresas en aplicar dicha metodología, se considera que fue lo que posibilitó el enorme éxito de General Electric y por tanto de Welch. El objetivo de Seis Sigma es el control de los procesos y la reducción de la variabilidad de éstos al tiempo que se reduce el número de defectos en dichos procesos, entendiendo como *defecto* la desviación respecto a lo especificado, teniendo como objetivo último la satisfacción del cliente.

En la metodología Seis Sigma se establece una serie de oportunidades de defecto en cada proceso, que no son más que las posibles desviaciones respecto a lo especificado para ese proceso. Así, en un proceso como por ejemplo la producción de una revista, existen oportunidades de defecto en la redacción, la maquetación, en la distribución o la impresión. El objetivo del Seis Sigma es reducir los defectos por cada millón de oportunidades de defecto hasta un nivel casi perfecto, como es el de los 3,4 defectos por millón de oportunidades. En el ejemplo de la revista, si imprimiésemos 20.000 ejemplares, y que en cada una

hay hasta 50 oportunidades de defecto por cada unidad (suponiendo que los errores no están relacionados), para alcanzar el nivel de Seis Sigma, debería haber como máximo 3,4 defectos en el total de revistas.

Es fácil ver que la implantación de este sistema necesita, entre otras cosas, de una definición clara de los procesos, un cálculo de las oportunidades de defecto, datos sobre la eficacia de los procesos y el posterior análisis de los mismos, y la búsqueda de soluciones y supervisión de los resultados del proceso, lo que se resume frecuentemente en las siglas DMAMC: Definir, Medir, Analizar, Mejorar y Controlar. Antes de implantar Seis Sigma es necesario **definir**, lo que implica tener en cuenta la estrategia global del negocio, la satisfacción de los clientes y los entornos en que se va a implantar, para a continuación **medir** a través de datos obtenidos por distintos medios (uno de los muchos procedimientos empleados por Telefónica son las encuestas a usuarios) y procesados estadísticamente para **analizar** qué problemas existen y sobre todo cuáles son sus causas posibles para así establecer un plan para **mejorar**, buscando soluciones a los problemas detectados que llevará a la empresa a obtener unos beneficios en forma de mejoras en la calidad. Por último, en un programa integral y complejo como es Seis Sigma, se hace necesario **controlar** la marcha del mismo y establecer métodos de seguimiento que permitan valorar el éxito del proyecto.

La parte central de Seis Sigma está en el análisis de datos a través de técnicas estadísticas (de ahí su nombre, pues la sigma σ es la letra que representa la medida de la desviación típica), lo que implica que además de una correcta definición de los procesos y de los posibles parámetros erróneos de los mismos, es necesario contar con fuentes de datos completas y fiables sobre los procesos implicados (número de piezas defectuosas, pedidos entregados tarde, clientes que no han obtenido la respuesta que buscaban...) para poder analizar dichos datos y obtener conclusiones de los mismos que permitan establecer métodos para reducir los defectos hasta

el nivel de Seis Sigma. Para esto se suele usar software específico.

Dadas estas circunstancias, y el hecho de que la implantación de esta metodología precisa de la implicación de toda la plantilla al tiempo que la creación de un órgano de dirección especializado en calidad, esta búsqueda de la excelencia se circunscribe casi únicamente a empresas de gran tamaño puesto que muy pocas PYMES estarían actualmente en condiciones de implantar cambios tan radicales como los que exige 6 σ en la organización de la empresa (además de la importante inversión que conlleva) a pesar de los beneficios que se le atribuyen, como la mejora de la calidad, aumento de la rentabilidad o mayor satisfacción del cliente.

Así, 6 σ es aún terreno usado casi en exclusiva por las grandes multinacionales que como Motorola o General Electric buscan una evolución de los sistemas de calidad. Algunas de las más conocidas que han implantado esta metodología son SONY, Telefónica o Ford. Pero, como ocurrió con otros procedimientos de calidad, la eficacia de 6 σ en estas empresas acabará llevándola a otras cada vez más pequeñas, de hecho, la difusión de sus beneficios entre los empresarios es cada vez mayor, y muchas asociaciones privadas y públicas ya se han puesto en marcha para ayudar a medianos empresarios a implantar 6 σ en sus negocios. La calidad total ha llegado aquí para quedarse.

Más sobre Seis Sigma: Existen numerosos libros donde aprender o profundizar en el concepto de 6 Sigma. A continuación mencionamos algunos:

- **Las claves del Seis Sigma**, de Pande, Neuman y Cavanagh, en McGrawHill es una interesante aproximación al tema.
- **El poder del Seis Sigma**, de Subir Chowdhury, en Prentice Hall (comentado en el nº 8 de Código Cero y en elvilmetal.com) es un relato en torno a sus beneficios
- **Seis Sigma, una iniciativa de calidad total** de Barba, Boix y Cuatrecasas, en Gestión 2000 (19,95 €) es un buen manual sobre 6 Sigma para cualquier empresa o persona interesado en el tema y en profundizar un poco más.

LIBROS En busca del crecimiento


Suele decirse que una vez uno empieza a pensar en el problema del crecimiento económico es difícil parar de hacerlo. Así pues, se han escrito muchos libros relacionados con ello pero la mayor parte de esos libros son excesivamente técnicos y poco adecuados a un lector medio, no economista. Sin embargo, en éste, William Easterly ha conseguido no sólo eludir la matemática sino analizar todo el problema del crecimiento económico fijándose en lo más básico de la economía, que se resume en la frase "la gente responde a los incentivos". Podría parecer que el tema de este libro no tiene demasiada relación con la tecnología, pero en realidad sí que la tiene, y es que Easterly confiere a ésta un destacable papel en el crecimiento, que los países en desarrollo pueden y deben aprovechar para conseguir salir del pozo. El libro constituye un análisis claro y alejado de la demagogia, en el que Easterly repasa algunos de los *remedios* comúnmente propuestos a la pobreza como la inversión o la condonación de la deuda, que no resultan ser, ni mucho menos, la panacea que prometen o prometían, precisamente porque olvidan el papel de los incentivos o de los círculos viciosos y virtuosos, e incluso en ocasiones del azar. Pero el autor no se limita a criticar la eficacia de aquello que no ha funcionado, sino que aporta interesantes ideas sobre cómo dirigir la búsqueda del crecimiento económico de los países más pobres. Un interesante libro que aporta datos y argumentos realmente contundentes y en ocasiones tan básicos que deberían hacer sonrojar a más de uno, y de lectura muy recomendable.

FICHA DEL LIBRO:

Título	En busca del crecimiento	Editorial	Antoni Bosch
Autor	Easterly, William	Precio	20 € (aprox.)
Páginas	344	ISBN	84-95348-07-1
Nota	9/10		



nueva economía



O ritmo de vida actual obriga a dedicar cada vez máis tempo á actividade laboral e, en consecuencia, a vivenda habitual está baleira a maior parte do día. A implantación da tecnoloxía da domótica no fogar permite realizar e controlar actividades sen estar presente, a través dun sistema de control remoto. A empresa galega Arteixo Telecom está desenvolvendo o sistema New Domo, baseado no control de ordes e alertas a través de teléfono móbil.

New Domo, desenvolto por Arteixo Telecom, permite o control integral de vivendas a través de mensaxes de texto no móbil ou dunha simple chamada de teléfono

RECEPCIÓN DE ALERTAS

O New Domo é un autómatas de control doméstico que consiste na instalación dunha serie de sensores e accionadores en distintos electrodomésticos e elementos da vivenda ou local conectados cun equipo de control, o teléfono móbil persoal do usuario. A aplicación dispón de servizos tales como alarmas de intrusión e incendio, control de extinción, inundacións e escapes de gas, accionador de climatización, alumeados, apertura de portas, rego, fiestras e persianas. Mesmo lle permite ó usuario conectarse a un ordenador e usalo móbil como módem, facendo posible a conexión a internet por medio de GPRS. Ademais da recepción de alertas e da transmisión de actuacións, o sistema envía confirmación da actuación requirida. O usuario terá a posibilidade de conectarse a través dunha liña de telefonía fixa -pode escoller entre chamar por liña fixa ou a través do móbil-, coa posibilidade de habilitar ata oito números de teléfono como receptores de alertas do sistema. A comunicación co sistema realízase a través de mensaxes curtas SMS protexidos por unha contrasena ou mediante unha chamada de voz.

Domótica galega: onde hai patrón...

REDACCIÓN

A primeira xeneración de edificios intelixentes data dos anos setenta, cando a Richard Roger Partnership proxectou o Lloyds Building de Londres, un inmoble con avanzados sistemas tecnolóxicos, aínda que sen integración entre eles. Dende entón, os avances na mecanización da vivenda avanzaron enormemente, pero aínda queda moito por facer. É o reto da domótica, que consiste na incorporación de sistemas ó fogar que automatizan as súas instalacións, de maneira que o usuario pode xestionalos aparatos e electrodomésticos para que resulten aínda máis eficaces. O sistema New Domo, que vén de desenvolverla empresa coruñesa Arteixo Telecom, permite o control integral sobre a vivenda ou o local comercial a distancia, a través de mensaxes de texto no móbil ou dunha simple chamada de teléfono. O sistema fai chegar ó seu propietario alertas sobre intrusos, incendios, escapes de gas e inundacións. Ademais, permite

conecta-los electrodomésticos ou abrir portas a través dunha mensaxe SMS ou dunha chamada telefónica e mesmo permite escoita-lo que ocorre dentro da casa a través do teléfono. Esta innovación da electrónica doméstica, subvencionada polo Programa de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, xa está totalmente finalizada e comercializarase a partir de xuño deste ano. Segundo os responsables do seu deseño, o New Domo ofrece algunhas vantaxes respecto doutras aplicacións de domótica desenvolvidas con anterioridade. Entre elas, destacan que o seu custo é bastante económico e, non menos importante, que non precisa dun cableado físico na vivenda.



ARTEIXO TELECOM

Arteixo Telecom foi fundada no ano 1996, procedente de Alcatel, por profesionais do sector das telecomunicacións. Dende entón, os seus obxectivos son o deseño, fabricación, comercialización, instalación, mantemento e reparación de equipos de comunicacións e industriais. A súa actividade distribúese fundamentalmente en dous campos, por un lado, o desenvolvemento de produtos propios e, polo outro, a subcontratación de servizos de electrónica ademais de mantementos, reparacións e instalacións de sistemas electrónicos. Actualmente, está a desenvolver outros produtos de I+D ademais do sistema New Domo. Entre eles destacan un novo modem ADSL, a adaptación do sistema de comunicacións GSM-R ó mercado ferroviario nacional, un sistema de localización automática de náufragos a través dun chaleco con antena conectada a un radar, así coma un sistema de control remoto do vehículo, baseado nos mesmos principios da domótica.



centro On de Caixa Galicia: tocar, ver y oír internet

Redacción

Hasta hace poco tiempo hacer una simple transferencia o pagar el recibo del agua suponía el desplazamiento hasta una oficina bancaria, con la consiguiente pérdida de tiempo; por no hablar de operaciones más complejas como solicitar una hipoteca o invertir los ahorros.

Cuántas veces no habremos pensado que la vida diaria no estaba pensada para gente ocupada o con dificultades para desplazarse.

Los servicios de banca a distancia como la banca telefónica o la banca por Internet dan alternativas a esta situación permitiendo que los clientes realicen sus operaciones y consultas sin necesidad de acudir a las oficinas, poniéndose a su servicio las 24 horas del día todos los días del año.

De esta forma el cliente sólo necesita acudir a las oficinas para recibir información y asesoramiento en operaciones que realmente necesitan un trato más personalizado.

Dando un paso más allá, Caixa Galicia ha efectuado la fusión de ambos mundos, el virtual, Internet, y el físico, las oficinas, para crear los Centros On.

El primer Centro On Caixa Galicia, se inaugurará próximamente en el Cantón Pequeño de La Coruña y ofrecerá todas las alternativas posibles de negociación, contratación y asesoramiento de una entidad financiera:

- 25 puntos de acceso a Internet mediante líneas seguras de alta velocidad.
- Teléfonos conectados directamente con operadores de banca telefónica.

- Y, por supuesto, asesores personales que nos guiarán y tutelarán siempre que lo consideremos necesario.

La oferta de productos y servicios no podría ser más ventajosa:

- Depósitos y cuentas de ahorro de alta remuneración.
- On Broker, que permite la consulta en tiempo real, así como la contratación de una cartera de más de 100 fondos de inversión, renta variable y renta fija tanto nacional como internacional.
- Ofertas especiales de préstamos personales e hipotecarios en óptimas condiciones.
- Simulación y contratación de productos de seguro.

- Navegación gratuita por Internet a alta velocidad.
- Promociones especiales para clientes...

Sin embargo, el Centro On es más que una oficina de contratación. Se ofrece a los visitantes no sólo desde el ámbito financiero, sino también desde el sociocultural.

Desde su vertiente social, impulsará la creación multimedia de vanguardia mediante **Imaxin@rte**, una exclusiva sala de Arte Virtual en la que se mostrarán obras de vídeo creadores nacionales e internacionales en múltiples formatos, desde el vídeo tradicional o el DVD hasta las creaciones en 3D estereoscópico, que necesitan gafas especiales para su correcta visualización. Asimismo, fomentará la utilización de las nuevas tecnologías de la información y la comunicación mediante talleres y seminarios de Internet.

El Centro On sitúa a Caixa Galicia en la vanguardia tecnológica de las entidades financieras, acercándose a la oficina del futuro. Por primera vez vamos a poder tocar, ver y oír en Internet.



“Los servicios de banca a distancia como la banca telefónica o la banca por Internet dan alternativas a esta situación permitiendo que los clientes realicen sus operaciones y consultas sin necesidad de acudir a las oficinas, poniéndose a su servicio las 24 horas del día todos los días del año”



Por Carlos Lozano
cueturubio@yahoo.es

Neste primeiro comentario despois das vacacións tiña pensado falar

doutra cousa ben distinta, pero o feito de que a miña chegada revisara as contas de correo que teño, fixo que cambiara de idea inmediatamente: estamos vivindo un andazo vírico importante. Hai uns cantos meses xa falei nesta mesma páxina das precaucións que tiñamos que tomar para evitar problemas, pero parece que non está de máis insistir e ampliar un pouco aquelas recomendacións.

Ben é certo que os nosos queridos amigos de Microsoft parecen querer que gañemos o ceo a base de paciencia, deixando nos seus produtos eses buratiños tan simpáticos que logo aproveitan, segundo as noticias da tele, catro rapaces sen formación con gañas de notoriedade. Pero, unha das dúas: ou non son tan parvos os rapaces, ou os asalariados de Mr. Gates mellor estarían mazando liño, por dicir algunha actividade lonxe dos ordenadores.

O caso é que, sendo esto verdade, parece increíble que aínda hoxe calquera código mal intencionado sexa capaz de estenderse con tanta celeridade; que aínda haxa moitos usuarios de ordenadores e Internet que non sigan as máis sinxelas precaucións para evitar infectarse cos virus que aparecen a cotío pola Rede. Nalgúns casos a propagación está baseada en códigos que aproveitan determinadas vulnerabilidades ocultas, que o usuario normal pode descoñecer; pero a maioría das veces a propagación basease en eso tan simpático que se chama “enxeñería social”. Aínda hai xente que abre calquera ficheiro adxunto que lle envían descoñecidos, ou coñecidos, da igual, por correo electrónico. Sen ter antivirus, ou o que é peor, sen actualizar. Qué impulso irrefreable leva a alguén a abrir mensaxes que din “I love you”, ou “My pics”... Comprensible se nas vacacións ligamos cunha inglesa, ou cun inglés, pero como mínimo é sospeitoso que alguén nos mande mensaxes en inglés, de boa fe.

Así que haberá que insistir nas precaucións básicas que hai que seguir, para evitar no posible ser cómplices desta peste informática.

Deixarei o que poden facer os de “a outra veira da mazá” (Apple) para o compañeiro Mariano Grueiro, e centrareime no mundo Win-PC. Porque a inmensa maioría dos virus circulantes están deseñados para estenderse no entorno Windows. Así que aquí xa temos a primeira liña de defensa: traballando en Linux ou algún outro sistema operativo exótico, é difícil o ataque. Pero claro, quen traballa en estes sistemas tamén sabería qué facer para evitar os virus se traballara en Windows. Outra cousa máis sinxela é cambiar de navegador e de programa de correo electrónico, empregando Ópera e Eudora, por exemplo, estamos un pouco máis seguros. Pero tampouco evitaremos moita infección con esta recomendación xa que non é moi realista: case que todos seguimos con Explorer e Outlook.

Vamos entón o obrigatoriamente imprescindible: Temos que ter un antivirus. Hai moitos—incluso gratis—: Panda, Kaspersky, Norton, AVG, McAfee..., uns mellores que outros, pero o importante é que se actualice dúas o tres veces por semana polo menos, e en tempos como os actuais, cada día. Moitas



Andazos víricos: temos que facer algo

vezes non se sinala, pero creo que tamén é importante que sexa doado de instalar, configurar, o máis transparente posible para o usuario, e que non coma moitos recursos. Como practicamente tódolos antivirus teñen versións de demostración, pódense probar. Se non nos gusta un, desinstalar e outro. Activar sempre a actualización automática se non queremos estar pendentes diso.

E moi interesante ter un “firewall” ou “cortalumes”. Este tipo de aplicación impide tanto o acceso non autorizado ao ordenador, dende a Rede, como o acceso a ela de determinados programas que queiran estender un código malicioso dende o noso ordenador. Nas últimas versións dalgúns antivirus hai xa aplicacións deste tipo integradas neles. Se non fora así, ou confiamos máis nunha aplicación específica, temos algunhas interesantes: Outpost, Tiny, McAfee, ou o clásico ZoneAlarm.

Por último o que ven a ser a principal negligencia de todos nos: actualizar o sistema operativo e o navegador cada vez que haxa unha actualización que Microsoft denomina “crítica”. Para elo temos a opción de actualización automática en Windows XP, ou se somos un pouco paranoicos ou empregamos versións anteriores de Windows, manualmente na páxina Web de Microsoft. Nun futuro os virus que se propaguen simplemente navegando, como Blaster, aumentarán moito, precisamente aproveitando os buratos de seguridade dos sistemas operativos, facendo cada vez máis importante a recomendación de actualización.

Estas tres son cousas que obrigatoriamente temos que ter en conta, pero hai outras que tamén son interesantes:

- Abrir contas de correo baseadas en

páxinas Web: Yahoo, Mixmail, MSN, etc. Hai moitas pero temos que buscar a que nos dea máis espazo e sexa máis doada. Cunha conta de correo en páxina Web estamos máis protexidos que cunha baseada en POP3, (a que se configura en Outlook) xa que contan co seu propio antivirus, e podemos analizar o correo sen baixalo a nosa máquina. Podemos tamén abrir varias: unha pública, outra privada, outra para dar libremente, etc. Cando algunha delas estea chea de correo lixo, virus, ou non nos interese máis, pechámola e abrimos outra.

- Instalar un detector e eliminador de “SpyWare”, que son pequenas aplicacións que se nos instalan silenciosamente con algúns programas, e que mandan determinada información o fabricante. De momento non se sabe de virus que empreguen este sistema, pero nunca estamos libres de elo, e ademais é un abuso da nosa privacidade. Spybot, Ad-Ware, etc son aplicación que nos poden servir para controlar este asunto. Por certo que tamén temos que actualizalos asiduamente.
- Incluír no navegador unha aplicación que impida a apertura de ventás non solicitadas, chamadas “Pop-Up” ou “Pop-Under”. Cando empezan a aparecer, aparte de ser moi molestas, pode que nos liemos e aceptemos instalar cousas que non queremos e que poden ser perigosas. Temos neste apartado programiñas como Pop-Up Cop, Zero Pop-Up, etc.

Para rematar: temos a obriga de ser coidadosos e responsables. Nisto, como nos virus de verdade, non estamos sos; as nosas accións, ou omisións, non só nos afectan a nos senón tamén os nosos amigos, compañeiros, familia, somos responsables de eles tanto como do noso. A ver se entre todos paramos esta leria.

CAPITAL INTELECTUAL, MOTIVACIÓN E COMPROMISO



Moncho Paz *
rpazgonz@santiago.idom.es
xornalista e consultor de xestión de IDOM

Hai uns anos comezábese a falar

no mundo empresarial da Xestión do Coñecemento, coa que se daba a coñecer unha corrente encamiñada a implantar no seo das organizacións unha serie de procesos de cambio que se caracterizaban por ser sinxelos e revolucionarios ao mesmo tempo.

O denominado capital intelectual pasaba a considerarse nas empresas coma un activo máis, que tiña como apelidos o coñecemento e a experiencia das persoas. Falouse despois da xestión por procesos orientada a toda a organización, o que se traducía nun novo xeito de dirixir a empresa para conseguir coa colaboración das persoas a mellora da calidade dos seus servizos, das súas actividades e dos seus obxectivos. Xurdía así a comparación con outros modelos, coma o Modelo Europeo, o Demming ou o Malcom Baldrige, que unificaban criterios e supoñían un recoñecemento público á figura de grandes gurús da disciplina da Calidade.

E hoxe en día, tralos recentes escándalos empresariais que provocaron a urxente necesidade dunha renovación da imaxe corporativa, estamos a vivir na era da Responsabilidade Social, onde o importante é o impacto na sociedade, as comparacións con outras organizacións, a interpretación dos resultados económicos, a transparencia e a honestidade.

Pero todas estas correntes non se poden entender sen a presenza de factores esenciais enfocados directamente á propia persoa, como son a motivación e o compromiso, que coa asunción de responsabilidade e a implicación de todos fan posible a existencia de valores compartidos e favorecen a aparición da cultura da confianza. Agora incidese de xeito moi especial nos elementos físicos e humanos do entorno de traballo, o desenvolvemento de habilidades, a comunicación interna e a importancia das novas tecnoloxías, e tamén na necesidade de medir o impacto de todo isto na conta de resultados das compañías.

Se seguimos avanzando polo camiño que nos leva hacia a consecución do elemento diferenciador que permita acadar o desexado posicionamento competitivo neste mercado global chegamos por fin á Dirección por Valores, coa que as empresas amosan claramente a súa preocupación real pola excelencia individual e o desenvolvemento das carreiras profesionais no marco das propias organizacións, e onde a persoa se prepara para “ser mellor” en tódolos sentidos e “ser capaz” de afrontar novos retos con optimismo, humildade e accesibilidade como principais características da convivencia cotián.

agosto	xullo	xuño	maio	abril	sitio	tendencia	posto mundial 25 de AGOSTO	posto mundial 25 XULLO	posto mundial 25 XUÑO	posto mundial 25 MAIO	posto mundial 25 ABRIL	descricao
1	1	1	1	1	lavozdeg Galicia.es	↑	4,557	4,691	5,704	6,569	5,546	portal do xornal La Voz de Galicia
2	2	3	4	4	caixagalicia.es	↓	10,180	9,801	11,861	16,717	26,302	página dos clientes de Caixa Galicia
3	4	6	8	7	fiestras.com	↓	11,729	13,532	21,476	29,002	29,726	portal de acceso a páxinas
4	5	4	10	*	vandal.net	↓	13,359	12,462	16,687	33,027	*	portal de xogos galego
5	3	2	2	2	xunta.es	↓	13,495	11,833	11,304	11,117	8,880	portal da administración autonómica
6	7	7	5	5	farodevigo.es	↑	17,350	19,243	26,600	29,715	27,278	portal do xornal decano da prensa nacional
7	6	5	3	3	usc.es	↓	20,159	18,978	20,495	22,176	23,614	portal da Universidade de Santiago
8	8	9	9	8	elcorreogallego.es	↑	24,940	25,413	28,649	32,476	30,824	página do xornal El Correo Gallego
9	10	8	7	*	biwe.com	↑	26,936	29,239	27,396	29,479	*	buscador xeral
10	9	10	6	6	mundo-r.com	↓	27,296	26,126	30,513	30,183	29,572	sitio do cableador galego
11	12	15	13	11	crtvg.es	↑	30,570	32,164	36,987	37,423	36,148	página da radio e tv galega
12	11	12	11	10	udc.es	↓	33,800	30,326	33,069	33,969	33,348	portal da Universidade da Coruña
13	14	13	12	9	uvigo.es	↓	35,940	33,767	35,008	34,337	33,190	portal da Universidade de Vigo
14	13	11	28	28	infomercados.com/	↓	37,122	33,673	104,894	117,703	*	página feita en Santiago dedicada o mercado bursátil
15	15	14	14	13	fiestras.com	↓	40,899	38,723	35,435	38,763	38,742	portal da saúde feito na Coruña
16	16	16	15	15	galiciabanner.com	↑	42,866	43,729	44,702	45,368	50,934	portal vigués adicado o intercambio de banners
17	17	17	21	20	inditex.es	↓	47,343	44,587	50,549	63,211	67,937	web do grupo textil galego
18	19	28	30	31	canaldeportivo.com	↑	48,255	48,499	86,909	105,519	128,163	sitio do clube herculino
19	18	19	*	12	vieiros.com	↓	48,736	47,870	60,823	*	38,404	primer ciber barrio galego
20	23	32	37	*	galicianaves.com	↓	49,137	61,260	100,745	138,755	*	sitio dedicado ó chan industrial
21	20	25	29	25	laopinioncoruna.com	↑	51,156	51,487	73,341	105,373	93,153	portal do xornal coruñés
22	22	26	*	*	banco Pastor.es	↓	54,523	58,296	76,098	*	*	página do Banco Pastor
23	25	22	26	23	turgalicia.es	↑	56,466	62,486	66,821	92,051	90,524	o turismo de Galicia
24	24	24	27	24	galinor.es	↑	59,016	61,548	70,584	92,130	92,936	página de turismo sobre Galicia
25	21	18	16	16	aytolacoruna.es	↓	59,093	55,640	51,063	52,994	52,873	página do concello herculino
26	26	23	23	22	dicoruna.es	↓	67,094	66,302	69,249	79,370	73,958	sitio da Deputación da Coruña
27	28	35	20	17	cesga.es	↑	69,370	68,852	114,102	87,461	60,273	portal do Centro de Supercomputación de Galicia
28	32	43	42	36	galicianet.com	↑	71,644	86,344	179,270	199,966	158,921	portal de información xeral
29	27	20	19	*	alwaystone.com	↓	71,927	68,727	63,912	64,078	64,078	portal da pedra natural de Galicia
30	30	27	24	21	vigonet.com	↑	72,629	75,978	84,151	82,171	68,514	buscador de recursos de Vigo
31	33	*	*	*	deza.com	↑	72,733	86,473	*	*	*	desarrollo de software industrial
32	37	41	76	66	codigocero.com	↑	74,291	91,361	169,976	556,988	543,632	portal de novas tecnolóxicas de Galicia
33	39	37	41	29	xornal.com	↑	83,000	101,704	134,856	148,450	118,311	primeiro xornal electrónico de Galicia
34	38	31	33	30	agalicia.com	↑	86,159	92,491	98,944	119,730	123,588	página de turismo
35	36	*	*	*	comunitel.es	↑	87,168	91,156	*	*	*	empresa viguesa de solucións de telecomunicacións
36	35	30	32	27	celtavigo.net	↑	88,913	90,165	98,466	118,511	111,981	sitio do clube vigués
37	31	29	34	34	elideagallego.es	↓	89,097	78,856	91,558	122,787	137,889	portal do xornal coruñés
38	29	21	22	19	culturagallega.org	↓	89,992	75,468	64,559	68,928	62,434	o portal da cultura do noso país
39	34	34	35	37	electronicasuiza.com	↓	99,790	86,822	108,120	126,318	161,699	portal da tenda electrónica de Sarria
40	42	50	97	73	acontraño.com	↑	108,976	126,592	255,537	1,334,465	668,034	sitio de información alternativa
41	40	36	36	35	diariodoferrol.com/	↑	115,773	108,996	125,937	127,839	139,796	portal do xornal ferrolán
42	41	33	25	26	vigo.org	↓	123,302	109,433	102,446	91,901	95,912	página oficial do concello olívico
43	*	*	*	*	delcelta.com	↑	124,548	125,296	*	*	*	diario dixital sobre deporte
44	49	*	*	*	agal-gz.org	↑	136,465	199,052	*	*	*	portal galego da lingua
45	*	*	*	*	agal-gz.org	↑	136,465	610,426	*	*	*	portal galego da lingua
46	44	40	40	33	galiciacity.com	↑	147,608	152,036	162,616	147,204	129,822	buscador galego
47	43	39	39	38	luginet.com	↓	156,362	127,551	153,695	145,445	180,377	portal de información de Lugo
48	45	42	45	48	xacobeo.es	↑	165,311	157,498	174,754	263,628	320,647	página do camiño de Santiago
49	*	*	*	*	galiciatic.com	↑	165,727	*	*	*	*	semana das tecnoloxías da información
50	46	47	47	45	elprogreso.es	↓	169,949	161,669	239,517	273,052	313,937	sitio do xornal da cidade das murallas
51	52	45	44	40	finisterra.es	↓	171,637	211,174	220,609	222,944	208,688	a influencia do Prestige sube as vistas a esta páxina
52	47	51	65	52	igape.es	↑	172,570	173,726	262,861	456,003	339,315	página do Instituto Galego de Promoción económica
53	50	38	38	32	eganet.org	↑	181,637	205,165	143,757	139,645	129,011	empresas galegas na rede
54	51	54	56	*	lri.laregion.net	↑	186,281	208,064	317,640	397,496	*	edición do semanario ourensano da emigración
55	48	44	43	39	caixanova.com	↑	192,255	186,080	213,686	222,244	194,200	sitio da caixa do sur de Galicia
56	56	76	99	70	galiciadiario.com	↑	202,932	261,401	493,166	1,480,092	623,682	sitio de novas
57	55	88	84	55	galizalivre.org	↑	217,646	254,087	637,386	684,324	368,993	portal independentista
58	63	56	79	*	laganzua.net	↑	221,262	308,114	328,045	624,216	*	magazine de música independente
59	54	57	71	*	turismogallego.com	↑	231,715	242,183	364,833	511,748	*	sitio de reservas hoteleiras
60	60	72	*	*	agara.net	↑	247,247	276,194	471,592	*	*	asociación galega de radiodifusión
61	59	49	*	*	fotosdeg Galicia.com	↑	264,847	266,489	255,197	*	*	imaxes de Galicia
62	53	*	*	*	pesca2.com	↓	266,267	232,306	*	*	*	portal vigués adicado á pesca
63	71	*	*	*	ciberviaxes.es	↑	272,030	343,055	*	*	*	portal de viaxes de Caixa Galicia
64	72	98	*	*	galicia-hoxe.com	↑	280,322	346,821	808,270	*	*	portal do único xornal en galego
65	61	65	73	*	galiciaonline.info	↑	284,190	284,942	388,372	536,770	*	amalgama de informacións
66	66	73	31	47	gpx.es	↑	296,686	320,803	471,768	117,724	319,593	directorio de páxinas galegas
67	62	55	69	*	fegamp.es	↓	301,065	288,729	323,166	502,415	*	Federación Galega de Municipios e Provincias
68	58	69	*	*	rix.org	↓	304,950	265,994	458,943	*	*	rede galega de información xuvenil
69	64	53	49	*	e-negociogalicia.com	↑	314,256	311,149	308,777	284,706	*	centro de competencias do comercio galego
70	75	63	58	*	el-muelle.net	↑	320,136	358,697	395,849	401,490	*	proveedor pobre de servizos
71	70	84	*	*	cgai.org	↑	325,651	337,593	551,564	*	*	centro galego das artes da imaxe
72	68	*	*	*	igadi.org	↓	328,710	326,643	*	*	*	Instituto Galego de Análise e Documentación
73	*	*	*	*	casaciencias.org	↑	330,802	329,170	*	*	*	casa das ciencias da Coruña
74	57	48	53	62	galiciaconvida.com	↑	336,413	265,687	241,300	385,405	429,046	iniciativa de Estrela Galicia para promocionar Galicia
75	80	59	66	42	santiagoturismo.com	↑	344,310	405,082	383,821	481,833	266,205	página da oficina de turismo
76	83	93	75	*	sanxenxo.com	↑	345,721	425,287	712,371	541,906	541,906	página de información da vila pontevedresa
77	79	81	78	*	galiciavirtual.net	↑	362,283	380,441	524,338	593,659	593,659	axenda e novas do país
78	82	68	67	53	santiagodecompostela.org	↑	367,547	411,802	453,933	486,387	348,420	página oficial do concello compostelán
79	76	71	70	*	asired.es	↑	368,203	371,751	459,065	505,278	*	empresa viguesa de programación e deseño
80	69	62	57	51	diputacionlugo.org	↓	369,439	337,015	391,688	399,947	336,543	sitio da Deputación de Lugo
81	65	52	46	43	galizaciog.com	↓	373,357	315,308	284,096	263,773	275,179	sitio da central sindical nacionalista
82	*	*	*	*	visualpublnet.com	↓	373,513	296,914	*	*	*	empresa galega de estratexia e creatividade
83	73	60	*	*	bugalicia.org	↑	382,130	347,568	382,335	*	*	Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
84	81	82	100	*	depourense.es	↑	390,283	407,727	536,141	1,500,479	1,500,479	sitio da deputación de Ourense
85	90	95	*	*	112sosgalicia.org	↑	397,242	472,777	734,610	*	*	portal de SOS de Galicia
86	88	87	*	*	fiestasatope.com	↑	397,969	462,436	628,212	*	*	sitio de festas feita en Santiago
87	77	77	77	65	diariodepontevedra.com	↓	412,957	376,442	500,902	591,125	540,638	sitio do xornal do Lézec
88	*	*	*	*	xuventudevigo.com	↓	422,047	396,343	*	*	*	concelleria de xuventude do Concello de Vigo
89	67	61	48	41	concello delugo.org	↓	422,786	322,717	382,960	276,866	262,529	página oficial do concello lugués
90	74	46	*	*	urlgratis.com/	↓	436,530	357,494	231,276	*	*	servicio de redirecionamento de páxinas
91	91	78	59	46	galiciadigital.com	↑	437,569	474,833	511,625	425,088	314,471	página de acceso a medio cento de portais galegos
92	86	75	60	58	xeraris.es	↑	449,901	436,757	492,573	432,957	385,789	portal da editorial galega
93	93	74	*	*	musicanueva.com	↓	458,374	518,271	486,249	*	*	página dunha axencia musical de compostela
94	*	*	*	*	encoia.com	↑	463,745	538,927	*	*	*	información do barrio vigués
95	94	*	*	*	empleoexterno.com	↑	469,240	533,846	*	*	*	bolsa de traballo e recursos humanos
96	95	91	82	64	siniestro.com	↑	490,069	535,184	646,914	646,709	537,658	sitio do grupo vigués
97	92	80	62	44	riasbaixas.org	↓	538,324	506,199	520,219	447,991	287,525	página do patronato de turismo das rías baixas
98	*	*	*	*	ivilagarcia.com	↓	542,325	571,283	*	*	*	página do concello de Vilagarcía
99	89	85	72	68	anosaterra.com	↓	547,140	464,027	585,936	525,465	577,845	semanario en lingua galega
100	78	*	*	*	verticalia.com	↓	560,843	377,685	*	*	*	portal de empresas en internet
101	87	67	68	72	eidolocal.es	↓	561,375	446,694	433,538	498,728	648,803	portal dos Concellos de Galicia
					nova incorporación	*						

O pasado mes de abril publicabamos un listado dos sitios máis visitados do noso país. Era a primeira vez que se facía un ranking das webs máis populares, e aquela iniciativa tivo unha ampla repercusión en medios, empresas, organismos e institucións. Foi un traballo arduo e de moita paciencia que nos valeu o recoñecemento e as felicitacións de lectores e internautas. Precisamente moitos deles déronnos a coñecer enderezos novos que non eran moi populares, pero que sorprendentemente entraban perfectamente no listado. A proposta dos lectores mantemos no noso diario dixital un listado que actualizamos a finais de cada mes e que pode ser consultado no enderezo www.codigocero.com.

Tamén a iniciativa dos lectores ampliamos o Top ós 100 primeiros, e como prometeramos naquela edición, e trala pausa estival, publicamos na revista o listado actualizado, listado que sairá na revista cada tres meses o que permitirá facer un seguimento da evolución das visitas. Tal como dixemos naquela ocasión creemos que están as máis importantes, pero agradeceríamos cal

A principios deste mes de xuño entregáronse os premios Webby - www.webbyawards.com- ás páxinas Web máis orixinais, novidosas ou ben realizadas. Estes premios naceron en 1996 dende o sitio da revista "The Web", e divídense en varias categorías, segundo a temática das páxinas. En cada categoría adxudícanse dous premios: o que dá o organizador e o que se propón por votación popular, a través da súa páxina.

Un pouco pomposamente, preténdese dar a sensación de que os premios Webby son case coma os Óscar de Internet, sen embargo, como os seus críticos advirten, o feito de que se repitan galardóns ás mesmas páxinas un ano tras outro, sería como se lle deran tódolos anos o Óscar a Foise Co Vento.

O certo é que estes premios non deixan de ser unha orientación para o navegante curioso e entre eles atópanse algunhas xoiñas que ben merecen unha análise máis detida.

Xa advertimos dende o principio que todas elas están en Inglés, así que deixando de lado o aspecto estético, necesítase un nivel de inglés medio para sacar algo en limpo.

Mellor que os Oscars VANITY FAIR



-No apartado "BROADBAND" (banda ancha) levou o premio a páxina da Canadian Broadcasting Corp. -a emisora de radio oficial de Canadá-, www.cbcradio.com, concretamente a páxina da súa terceira canle de radio. Esta páxina está dedicada especialmente á música, fotografía, literatura e novos medios de expresión e comunicación. A páxina funciona con audio e vídeo en "streaming" con tempos de descarga moderadamente rápidos, que en calquera caso pagan a pena. O soporte gráfico é espectacular; a música moi interesante e a selección de artigos novidosos. Unha páxina que mostra o que se pode chegar a facer cun bo deseño, ideas claras e algo que mostrar ó internauta, ademais dos resúmenes de noticias, música ou recursos mil veces repetidos.

-En "EDUCATION" (educativas) levou o premio earthobservatory.nasa.gov. Unha das moitas páxinas dependentes da NASA. Neste caso dedicada exclusivamente a datos sobre a Terra, toda clase de datos: xeográficos, climatolóxicos, poboacionais, etc. O interesante é que a páxina permite facer gráficos animados sobre a evolución dos datos subministrados nun período de tempo. O resultado, sen ser espectacular, si que é moi intuitivo. Por outra banda o seu deseño sinxelo e repetitivo fai que sexa un pouco aburrida.

-No apartado "GAMES" (xogos) merece unha mención a páxina www.orisinal.com. Trátase dunha páxina de xogos "en liña" cunha estética "naif" encantadora pero que esconde algún xogo terriblemente adictivo e orixinal. Mellor non curiosar moito nesta páxina se non se ten moito tempo para perder.

-O premio na categoría "LIVING" (modo de vida) foi para unha páxina do "fágao vostede mesmo", é dicir, a páxina para o "manitas". Non sendo rompedora en canto a deseño, si que asombra a enorme cantidade de categorías de traballos que pode un facer na casa, no garaxe ou no xardín.

-Para deseño espectacular, a páxina que recibiu o premio na categoría "MUSIC". A páxina do grupo musical "Flaming Lips" parte dunha estética "setenteira" para deixarnos coa boca aberta co despregamento de cores rabiosas e atrevidas, con combinacións directamente abraiantes. É toda unha alucinación.

-PERSONAL SITE (sitio privado) é o apartado das páxinas persoais. As dúas páxinas que recibiron o premio merecen unha visita: www.nobodyhere.com é unha páxina cunha estrutura un tanto complicada pero cun deseño e unha "interactividade" sorprendentes. Por outro lado www.cockeyed.com é unha páxina normal, sen grandes novidades, pero que pertence a un tipo bastante enxeñoso e orixinal. Alguén a quen se lle ocorren proxectos e experimentos do máis estraño, pero que non para ata que os leva a cabo. Achegando, claro está, toda clase de documentos gráficos da operación.

-En "SCIENCE" (ciencia) levaron o premio www.exploremarsnow.org e www.howstuffworks.com. A primeira é unha marabillosa páxina dedicada a explicar cómo podería ser unha base habitada no planeta Marte. Tanto por información, detalles, gráficos e deseño é unha das mellores páxinas sobre este tema que se poida atopar. Absolutamente recomendable para calquera curioso ou interesado no tema. A segunda é unha páxina clásica en Internet dende hai moito tempo. Dedicase a explicar cómo funciona calquera cousa, máquina, aparato, incluso actividade humana, que a un se lle poida ocorrer. E se aínda non aparece no seu enorme listado de explicacións, pódese preguntar.

-No apartado "TRAVEL" (viaxes) www.lonelyplanet.com levou o premio. Trátase da páxina das coñecidas guías de viaxes e programas televisivos, e subministra moita información interesante, aínda que contén algúns erros de deseño e ofrece información un tanto parcial.

Por suposto hai moitas máis categorías e páxinas premiadas; algunhas delas como e-bay, google, paypal xa se coñecen dende hai tempo e outras son demasiado específicas como para resultar interesantes para todo o mundo. As reseñadas parécenos que, polo menos, merecen unha visita.

O Rexistro de Windows



Por Emiliano Gómez
emiliagv@usc.es

Tal e como o seu nome indica nel quedan rexistradas moitas operacións do sistema por exemplo os programas que instalamos no ordenador, cartafol, parámetros, opcións e configuracións que empregamos, os contrasinais, etc. Por exemplo, cada vez que creamos un contrasinal do sistema, esta queda recollida como un valor nunha liña determinada, para eliminala dende o rexistro bastará con borrar a liña axeitada.

O Rexistro é un dos compoñentes de Windows menos coñecidos e dos máis delicados de manexar, tendo que poñer moita atención na súa manipulación xa que calquera cambio feito dun xeito incorrecto pode facer que o sistema non funcione de aquí en diante. Vexamos con dous exemplos do navegador Internet Explorer un pouquiño da súa forma de manexo.

Manipulando o rexistro

EXEMPLO 1: BLOQUEAR A PÁXINA DE INICIO DO INTERNET EXPLORER

Cando se activa o navegador a páxina web que amosa por defecto é unha predefinida por Microsoft, a non ser que nós a cambiemos por exemplo, que esteamos vendo unha páxina que nos pareza interesante, e queiramos que sexa a nosa páxina de inicio ou de arranque, a forma máis sinxela de facelo sería arrastrar e soltar a icona da páxina web dende a barra de direccións ata o botón "Inicio" da barra de ferramentas.



Tamén podemos facelo dende os menús, os pasos para conseguilo neste caso serían:

1. Estar navegando e desexar como páxina de arranque a que estamos vendo
2. (Se a páxina témola gardada no disco duro o arranque será rapidísimo)
3. Menú "Herramientas", opción "Opciones de Internet..."
4. Premer no botón "Usar actual" e facer clic en "Aceptar"



Se saímos do navegador, cada vez que o activemos de novo a páxina de arranque será a que lle indicamos.

Visitas a determinados sitios web farán, as veces e entre outras cousas, cambios no Rexistro de Windows, por exemplo cambiar sen a nosa autorización, a páxina que teñamos de inicio por outra non desexada de tipo case sempre publicitario ou pornográfico.

Vexamos a través dun exemplo ilustrativo como se entra no Rexistro de Windows e como se pode editar, por exemplo, bloqueando a páxina de inicio do navegador Internet Explorer:

1. Estando situados no Escritorio de Windows, prememos no botón "Inicio" e prememos sobre a opción "Ejecutar..."
2. Na fiestra que aparece escribimos "regedit" e prememos no botón "Aceptar".
3. Xurdirá a xanela de nome "Editor del Registro" e abrimos o cartafol (facendo un clic no cadradiño que ten un signo mais dentro a esquerda do cartafol) **HKEY_CURRENT_USER**
4. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Software**
5. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Policies**
6. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Microsoft**
7. Facemos clic no cartafol "Microsoft" para seleccionalo e estando o cursor sobre él, facemos clic co botón dereito do rato elixindo as opcións "Nuevo" e "Clave" e escribímolo nome "Internet Explorer" e prememos a tecla "Entrar" para aceptalo nome.



8. Facemos clic no cartafol creado "Internet Explorer" para seleccionalo e estando o cursor sobre él, facemos clic co botón dereito do rato elixindo as opcións "Nuevo" e "Clave" e escribímolo nome "Control Panel" e prememos a tecla "Entrar" para aceptalo nome.
9. Facemos clic no cartafol creado "Control Panel" para seleccionalo e estando o cursor sobre él, facemos clic co botón dereito do rato elixindo as opcións "Nuevo" e "Valor DWORD" e escribímolo nome "Homepage" e prememos a tecla "Entrar" para aceptalo nome.



10. Facemos clic no valor creado "Homepage" para seleccionalo e estando o cursor sobre él, facemos clic co botón dereito do rato elixindo a opción "Modificar" e na casilla "Información del valor" escribimos o valor "I" (sen as comiñas) e prememos no botón "Aceptar" para aceptar o novo valor dado. (Tamén podemos modificar o valor de "Homepage" facéndolle dobre clic)



11. Cando queiramos poder modificar a páxina de inicio teremos que cambiar o valor "Homepage" a 0. Para elo faga os puntos dende 1 ata o 6 e abra os cartafol "Internet Explorer", e "Control Panel", faga despois o punto 10 cambiando entón o valor "Homepage" a 0.
12. Pechamos o rexistro pechando a súa xanela para que garde os cambios feitos.
13. Ó entrar no navegador podemos facer menú "Herramientas", opción "Opciones de Internet..."



14. Observe que na pestana "General", o apartado enteiro "Página de inicio" aparece en cor gris e non se pode editar, a dirección non pode ser modificada, nin os tres botóns "Actual", "Predeterminada" ou "Página en blanco" permiten ser activados.

EXEMPLO 2: BORRAR O CONTRASINAL DADO Ó ASESOR DE CONTIDO

- CREAR UN CONTRASINAL DO ASESOR DE CONTIDO
 - b. Activar o navegador "Internet Explorer"
 - c. Facer clic no menú "Herramientas", opción "Opciones de Internet..."
 - d. Premer na pestana "Contenido"
 - e. No apartado "Asesor de contenido" premer no botón "Habilitar..."
 - f. Premer na pestana "General"
 - g. No apartado "Contraseña del Supervisor" premer no botón "Crear contraseña..."
 - h. Escribir un contrasinal dúas veces e saír aceptando.
- DESACTIVANDO O CONTRASINAL DENDE O NAVEGADOR
 - b. Activar o navegador "Internet Explorer"
 - c. Facer clic no menú "Herramientas", opción "Opciones de Internet..."
 - d. Premer na pestana "Contenido"
 - e. No apartado "Asesor de contenido" premer no botón "Deshabilitar..."
 - f. NON poderemos, xa que para elo hai que coñecer o contrasinal previamente dado, é dicir, se o contrasinal o puxo outra persoa, nós non o poderemos quitar.
- DESACTIVANDO O CONTRASINAL (SEN COÑECELO) DENDE O REXISTRO
 - a. Estando situados no Escritorio de Windows, prememos no botón "Inicio" e prememos sobre a opción "Ejecutar..."
 - b. Na fiestra que aparece escribimos "regedit" e prememos no botón "Aceptar".
 - c. Xurdirá a xanela de nome "Editor del Registro" e abrimos o cartafol (facendo un clic no cadradiño que ten un signo mais dentro a esquerda do cartafol) **HKEY_LOCAL_MACHINE**
 - d. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\SOFTWARE**
 - e. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Microsoft**
 - f. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Windows**
 - g. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\CurrentVersion**
 - h. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\policies**
 - i. Abrimos do mesmo xeito o cartafol **\Ratings**
 - j. Se non houberse ningún contrasinal asignado, só habería un valor predeterminado dentro de Ratings. Pero como hai un contrasinal posto, para borrarlo en Windows XP, bastará con eliminar os apartados **Key** e **FileName0** (dentro de Ratings) e o cartafol **.Default** co botón dereito, opción "Eliminar" ou ben premando na tecla "Supr".
 - k. Unha vez borrados, pechamos a xanela do "Editor del Registro" para gardalos cambios. Agora comprobaremos que xa non existe o contrasinal:
 - a. Activamos o navegador "Internet Explorer"
 - b. Facemos clic no menú "Herramientas", opción "Opciones de Internet..."
 - c. Prememos na pestana "Contenido"
 - d. No apartado "Asesor de contenido" comprobamos que xa non existe o contrasinal.

XOGOS



Pablo Grandío Portabales
Vandal.net

ECTS: A feira de videoxogos europea

Un ano máis celebrouse en Londres o ECTS, European Computer Trade Show, ou a feira de videoxogos máis importante do vello continente. Esta edición caracterizouse por estares englobada na chamada "Semana dos Xogos de Londres", que inclúe a GDC, unha conferencia anual dos creadores de xogos, e tamén por repeti-la colaboración con Sony, que por segundo ano consecutivo celebrou a "PlayStation Experience" ó mesmo tempo e no mesmo lugar que o ECTS. Así, complementáronse os dous eventos, estando a PS Experience aberta para todo o público mentres que o ECTS é exclusivo para profesionais da industria.

Nesta edición do 2003, a feira recuperou un anaco do pulo que perdeu nos últimos anos, sendo as do 2001 e o 2002 as máis frouxas da súa historia. Voltaron a estar presentes algunhas compañías de sona, coma Ubi Soft, Vivendi, Capcom ou Konami, mentres que na PS Experience Sony amosou os proxectos máis importantes para a súa consola PlayStation 2, destacando por riba dos demais os que fan uso do xogo online. Foron salientables as ausencias de Microsoft e de Nintendo, que rexeitaron estaren dentro dos muros dun Show case que patrocinado por Sony, aínda que a segunda fretou un colosal camión cheo de consolas GameCubes que aparcou fronte as portas do recinto.

Neste tráiler estivo por primeira vez o novo Mario Kart de GameCube en versión xogable, ademais de lanzamentos inminentes como Soul Calibur 2 e F-Zero GX, e máis xogos que aínda tardarán en chegárennos coma o novo Pac-Man. Non se mostrou moito máis, seguramente por mor do apego ós segredos que distingue a Nintendo.

O máis destacado da feira foi o anfiteatro montado por Vivendi para amosa-lo agardado Half-Life 2 ós visitantes, que chegaron a facer colas de ate duas horas para veren o máis espectacular xogo deste ano, que chegará este outono ás tendas de Galicia. Como mellor xogo de todo o show foi elixido XIII, un xogo en primeira persoa baseado no cómic do mesmo nome, que será editado por Ubi Soft. Outros xogos desta compañía francesa que abraiaron ós asistentes foron Beyond Good and Evil e Prince of Persia: As Areas do Tempo, nova entrega da sonada saga que xa ten recibido premios antes do seu lanzamento no mes de Novembro.

Dentro da PS Experience destacou o novo vídeo de Metal Gear Solid 3, que promete ser un dos grandes xogos do 2004, e as novas apostas de Sony para estas Navidades e comezos do vindeiro ano, destacando WRC 3, as continuacións de Jak & Daxter e Ratchet & Clank e por suposto Gran Turismo 4, que terá modo online cando saia a finais deste ano ou comezos do vindeiro, aínda que os seus case 1.000 coches non sufrirán deformacións nin se esnaquizarán coas colisións coma noutros xogos similares, por problemas coas marcas xaponesas que ceden as súas imaxes. En definitiva, o ECTS deste ano abofé que mellorou comparándoo coas dúas últimas edicións, pero a decana das feiras de xogos aínda está lonxe de cumpri-lo dito e reter o que un día tivo.



REMODÉLASE A WEB OFICIAL DE XBOX

Microsoft completou e colgou a nova versión da web oficial da súa consola Xbox (Xbox.com/es é a oficial para España) na rede, remodelación que inclúe moitas novidades e cambia por completo a finalidade da web. Agora a web é totalmente compatible con Xbox Live, o servizo de xogo online de Microsoft para Xbox, e dende ela podemos seguir ós nosos amigos, procurar opoñentes para as competicións online e ve-la nosa posición no ranking de tódolos xogadores do mundo.

PLAYSTATION 3 SERÁ COMPATIBLE CON PS2

Ken Kutaragi, presidente de Sony Computer Entertainment é famoso por se-lo creador da consola PlayStation, confirmou a principios de setembro a un diario xaponés que a consola PlayStation 3 poderá reproducir os xogos da consola PlayStation 2, do mesmo modo que esta pode reproducir os da súa irmá pequena. Kutaragi considera que unha das razóns do éxito de PS2 nos primeiros meses no mercado foi a compatibilidade coa consola anterior, e quere instaurar toda unha "liñaxe" de máquinas PlayStation nas que se poida xogar ó catálogo das anteriores.

PLAYSTATION EXPERIENCE CHEGA Á PENÍNSULA

A PlayStation Experience, evento destinado ó consumidor que compartiu protagonismo co ECTS do que vos falamos nestas mesmas páxinas, chegará a España dentro dun tour que percorrerá toda Europa Occidental co obxectivo de deixar que os xogadores proben as próximas novidades da consola de Sony antes de que cheguen ás tendas meses máis tarde. A PlayStation Experience estará os días 17, 18 e 19 de Outubro no Palacio Vista Alegre de Madrid. A entrada custa 6 € por adiantado e 8 na caixa do evento.



GRAND THEFT AUTO TERÁ VERSIÓN XBOX

Despois de case dous anos de rumores, Grand Theft Auto 3 e Vice City, dous dos xogos máis vendidos dos últimos anos, terán as súas correspondentes versións para a consola Xbox de Microsoft. Take Two, editora dos xogos, porá a venda un pack tanto para PlayStation 2 como para Xbox que incluírá os dous xogos; o pack chegará ás tendas galegas no mes de Novembro, distribuído por Virgin Play.





You'll love the future

Certifícate como

Técnico Especialista

en Redes



Prácticas reales
en laboratorios Cisco

Obtención de Título
Oficial Certificado

Instructores
Certificados Cisco

Iniciamos
preparación
de nuevos grupos
¡¡Matricúlate!!

Infórmate sin compromiso en:

VIGO: Zamora, 106 y Lopez Mora, 10	986 211 295
PONTEVEDRA: Pasou Colón, 7	986 860 391
OURENSE: Reza 3 y Progreso 34	988 366 063
SANTIAGO: Santiago de Chile, 17	981 598 590
A CORUÑA: Pl. de Pontevedra, 18-2	981 148 471
LUGO: Plaza de Santo Domingo, 9 1º	982 252 859
FERROL: C/ Mendez Nuñez, 13	981 369 790/91



CENTROS DE FORMACIÓN
GRUPO
ACADEMIA POSTAL



contratación exclusiva /
a través de internet



CAIXAGALICIA

→ UNA CONEXIÓN MUY RENTABLE

www.caixagalicia.es ←

→ On Cuenta

Una cuenta corriente con unas condiciones que le van a sorprender:

- Alta rentabilidad: **1,50% TAE*** para cualquier importe
- Sin comisiones de administración, mantenimiento ni apunte.
- Con todos los servicios: podrá solicitar medios de pago asociados a su cuenta y domiciliar sus recibos de forma totalmente gratuita.
- Tarjeta Visa Electrón gratis el primer año.

TAE*
1,50%

[*] Interés nominal: 1,49%. Liquidación anual de intereses.

Contratación exclusiva a través de Internet o Teléfono



NUEVOS TIEMPOS NUEVOS CANALES

Autorizado por D.X.F.F.T. 16/08/2003



 902 209 166
www.caixagalicia.es

 CAIXAGALICIA